

# Código Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - <http://www.codigocero.com>

NÚMERO 42 FEBREIRO/MARZO 2006 • PREZO 1€

## Salón Expoenter

Innovación no seu medio natural

**DNI electrónico**

A nosa vida nun chip

**Tradución on line**

Ferramentas para facer unha Internet máis galega

**Xuventude Galiza Net**

Máis software libre, máis accesibilidade

**Mercar cancións na Rede**

Comeza a nova era musical?



Tu potencial, nuestra pasión.™  
**Microsoft**



Una compañía que mueve 9 millones de contenedores al año.  
Utiliza Microsoft SQL Server 2005.

Jettainer gestiona el envío de contenedores de Lufthansa y US Airways en 3000 vuelos a 400 aeropuertos cada día. Para mantener una base de datos con un crecimiento anual del 30%, han realizado una actualización a SQL Server™ 2005. Para saber cómo, visite [microsoft.es/clientesql](http://microsoft.es/clientesql)



Microsoft  
**Windows  
Server System**



© 2006 Microsoft Corporation. Reservados todos los derechos. Microsoft, el logotipo de Windows, Windows Server System y "Tu potencial, nuestra pasión" son marcas registradas de Microsoft Corporation en Estados Unidos y otros países. Los nombres de las compañías y los productos reales aquí mencionados pueden ser marcas registradas por sus respectivas propietarias.



## CÓDIGO CERO revista de novas tecnolóxicas de Galicia

### Director

Xosé María Fernández Pazos  
(director@codigocero.com)

### Subdirectores

Marcus Fernández  
(webmaster@codigocero.com)  
Carlos Ballesteros  
(cballesteros@codigocero.com)

### Redactores-Xefes

Fernando Sarasquete  
(redaccion@codigocero.com)  
Carlos Lozano  
(cuetorubio@yahoo.es)

### Redacción

Xabier Alcalá  
(Telecomunicacións)  
Damián Fernández (Linux)  
Manolo Gago (Opinión)  
Emiliano Gómez (Informática)  
David Lombardía (Nova  
Economía)  
Moncho Paz (Opinión)  
Modesto Pena (Redes)  
Víctor Salgado (Dereito)

### Publicidade:

Carolina Cruz, Ruben G. Pedrero  
publicidade@codigocero.com

### Colaboraron neste número:

Diego Rosales, Sonia Pena,  
Damián Fernández, Fernando  
Sarasqueta, Marcus Fernández,  
Rubén González, David  
Lombardía, Matías Loureiro e  
Pablo Grandío

### Supervisión lingüística:

Sonia Pena.

### Fotografía:

Adolfo Enríquez Calo, Joferra.

### Edita:

Grupo Código Cero Comunicación  
UNINOVA.  
Políg. Ind. do Tambre Vía La  
Cierva, s/n (recinto Mercagalicía)  
Código Postal: 15890 - SANTIAGO  
Tel. 981 51 96 00/93 63 24  
Fax. 981 55 77 07  
Móbil: 690 60 71 02  
http://codigocero.com  
redaccion@codigocero.com

### Deseño Gráfico:

eNISA. Servicios Infográficos  
Rúa do Río, 30 - SANTIAGO  
Teléfono: 981 554 444  
correo@mundografico.net

### Imprime:

Celta de Artes Gráficas, S.L.  
Rúa Colón, 30 - VIGO  
Teléfono: 986 81 46 00  
Fax: 986 81 46 38

### Número 42

### Febreiro/Marzo 2006

Publicación periódica  
Depósito Legal: C-2301/01  
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546  
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

## neste número...



Internet está virando, é un gran buque que levaba un rumbo definido e agora semella que se dirixe a outro, directamente cara as persoas. Hai unha Internet nova que, se cadra, chega un pouco tarde (a Rede de hoxe é como debeu ser a dos anos noventa), mais que semella bulir cara a unha limpeza de si mesma, a eliminación definitiva das páxinas pouco accesibles e dos servizos pouco fiables. Existe unha Sociedade do Coñecemento que pode que aínda non estea estragada totalmente e, se cadra, aínda estamos a tempo para endereitala. En Internet, hoxe en día, conta máis o que din as persoas. A *blogosfeira* é unha proba diso. E o éxito do Flickr significa que aínda nos gusta amosar e intercambiar. Medio mundo está a caer na conta, ademais, de que as empresas que desenvolveron as ferramentas para o acceso a Internet tamén desenvolveron atrancos para persoas con

certas discapacidades. Que pasa cos que non poden empregarlo rato? Que acontece con aqueles usuarios que teñen dificultade para ver esas letras tan miúdas que moitas empresas e institucións se empeñan en incluír nas súas iniciativas en Internet?

De todo isto, e de moitas cousas máis, vaise falar en Galiza ó longo deste mes de marzo. A Rede medrou e nós con ela, e en Xuventude Galiza Net, a *party* informática galega por excelencia, vaise facelo mesmo que se facía en anteriores edicións, pro con certas novidades: afondarase no emprego da lingua galega na Sociedade do Coñecemento, no software libre e máis na accesibilidade web. XGN, encontro do que ofrecemos nestas páxinas un avance, vaise celebrar do 7 ó 9 de abril no Palacio de Congressos de Santiago.

E, sen lugar a dúbidas, unha das grandes citas desta crúa recta

final dun inverno cru é o **salón Expoenter**, no recinto Expourense (quen organiza), que se vai desenvolver do 30 de marzo ó 1 de abril e que, para esta edición, tamén vai reservar unha boa parte das súas actividades a afondar nas cuestións coas que abrimos este editorial: como facer que as novas tecnoloxías cheguen, máis e mellor, á sociedade galega enteira? Cal é a chave para que as empresas tecnolóxicas, do noso país, sexan máis competitivas no mercado nacional e internacional? Como creba-las barreiras de exclusión dixital que poden deixar fóra da Sociedade do Coñecemento a unha boa parte da poboación galega?

Do salón Expoenter, que adiantou este ano as datas de celebración (así o quixeron os expositores e máis a organización, que consideran que o comezo da primavera é un intre ideal para a presentación de novos proxectos e ideas), ofrecemos, neste

novo número de Código Cero, completa información sobre os seus obxectivos e as súas razóns de ser.

E xa que falamos de accesibilidade, que mellor que facer un percorrido polas iniciativas, que está a levar a cabo a Confederación Galega de Minusválidos (Cogami), no eido de facilita-lo acceso dos discapacitados galegos ás novas tecnoloxías? Falamos con Anxo Queiruga, presidente da organización, e fíxonos fincapé nalgunha das vantaxes que ten a Rede para estes colectivos: mellora a súa calidade de vida e fornece a súa formación no eido persoal e profesional.

Neste número, tamén hai espazo para lembra-lo que deu de si o encontro Atlantimag, para reflexionar sobre o lado máis escuro de Internet (na sección Que fixen eu para linquear isto?) e para incorrer nas luces e tebras do mercado de música *on line* (Pase Vip).

## sinatura convidada

Daestradox: unha aposta da Estrada Dixital polo Software Libre. Diego Rosales Galiñanes **4**

## novas

Resumo de actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías **5**

## reportaxes

Cogami recibe dous premios en menos de dous meses recoñecendo o seu labor de integración tecnolóxica dos discapacitados **10**

Xuventude Galiza Net quenta motores de cara a tres días de lecer informático **11**

Atlantimag congregou durante catro días a 3.600 visitantes, entre profesionais e estudantes de fotografía **12**

Os móbiles coma reprodutores multimedia **13**

O DNI electrónico é xa unha realidade e cómpre poñerse o día sobre este novo xeito de identificarnos **14**

Expoenter celébrase este ano entre o 30 de marzo e o 1 de abril **15**

Alejandro Rubín, director de Expourense, fálanos do salón tecnolóxico do recinto **16**

Atopamos na Rede ferramentas de tradución do castelán ó galego (e viceversa) **18**

Os virus do mañá serán máis silandeiros e terán vía libre nos móbiles **20**

Novo repaso a todos aqueles obxectos que van quedando en extinción por mor da tecnoloxía (o que queda despois da festa) **21**

Medran os adictos ós correos electrónicos (soñando con e-mails) **24**

Misterios dunha tecnoloxía que se nos vén enriba: a televisión dixital **25**

Que podemos facer se os provedores de Internet non fan outra cousa que tomarnos o pelo? **26**

## que fixen eu para linquear isto?

A Sociedade da Información vai cara adiante, pero deixa manchóns e raspas **22**

## pase vip

Repaso polas certezas e as incertidumes dun mercado, o musical, que se abre camiño na Rede **28**


## nova economía

O B2B que veu de China **29**

## xogos

Dead or Alive 4 e O Señor dos Aneis: A Batalla pola Terra Media **30**





## DAESTRADIX Unha aposta da Estrada Dixital polo Software Libre

### 1. - Por que unha distribución de Linux?

Sen lugar a dúbidas é unha boa pregunta. Se un se conecta á páxina web de Distrowatch (<http://www.distrowatch.com>) a cantidade de *distros* que aparecen na listaxe é enorme; entón, por que facer unha máis? Podemos esgrimir varias razóns de máis ou menos peso:

Unha, recolle-lo testemuño daquel louvado traballo que foi Gnix e o Proxecto Trasno en Galiza, para dar á nosa comunidade unha distribución de Linux digna. Isto segue pendente. Debemos acadar un software co que se poida traballar en galego e dende o galego.

Dous, achegar ao proxecto A Estrada Dixital dunha potente ferramenta que o diferencie dentro do programa de Cidades Dixitais e permítalle conseguir o punto máis importante do seu programa: a alfabetización dixital. Disto hai moito. Proporcionar ferramentas eficaces a custo cero axudará, abofé, a superar obxeccións cara a tecnoloxía. O outro elemento diferenciador era o cómic. A *distro* debía ser atractiva para resultar simpática cara ó usuario final -o adolescente. E, ollo! Digo simpática, non amable polo seu entorno de fiestras e todas esas cousas. Os mozos actuais son produto dunha cultura mestiza -*masscult* e *highbrow*, en termos que popularizou Umberto Eco- e debe entenderse con eles, coa súa linguaxe.

Tres, sumármonos ao esforzo da comunidade Linux e á filosofía do software libre. Isto, no ideal, sempre estaba no noso

traballo cotiá. Mais o traballo debe ser continuado ou, coma tantos outros proxectos perigará e será discontinuado. Temos que sentirnos debedores da cooperación da comunidade ou o noso traballo será baldío.

Catro, encamiñarnos cara ó lugar onde poidamos ser máis inútiles: o educativo. Facer unha *distro* xeneralista non tiña sentido, imposible acadar resultados máis rexos que: Red Hat, Mandriva ou SuSe, por mencionar algunhas das grandes distribucións, así que debiamos orientarnos cara o lugar onde puideramos aportar o noso graniño de area. A *distro* Daestradox pensouse dende o comezo para dar conta do temario do curso de informática que existe actualmente na Educación Secundaria Obrigatoria. Isto determinou, por exemplo, decisións como incluí-lo OpenOffice 2.0 fronte á versión 1.1.4 que contén a última versión de Linex (2004r4). O OpenOffice 2.0 contén a aplicación de bases de datos Base que é un dos puntos do temario da ESO.

Quinto, a imprudencia de acomete-lo proxecto desde un termo municipal... Pode ser.

### 2.- Por que un enfoque construtivo?

Porque estou no certo de que é o único que nos queda se queremos loitar -e digo loitar- por recobra-la ilusión dos nosos mozos. A educación adoce nestes tempos dunha sorte de fastío xeneralizado que só se poderá vencer se involucramos ós protagonistas do proceso nel mesmo. Nós, os docentes, somos

guías, ora que, os que deben atopalo vieiro son eles.

Se cadra, este enfoque pedagóxico sexa máis aplicable á informática que a outros medios. Dende logo, Daestradox naceu para ser un lugar común dende o que ceibar novas iniciativas/propostas. Un alicerce sobre o que a xente puidese, sen custo, construí-lo software que solucionase os seus problemas cotiáns. Este é o desafío.

### 3. - Como é Daestradox?

Daestradox está baseada na distribución Ubuntu Brezy Badger 5.10, que se está a converter no prototipo de referencia nas disposicións das autonomías nacionais. Indo ó gran, as características máis relevantes de Daestradox son:

- Instalador ESIS 2.5 (de Esware Linux)
- Kernel 2.6.15
- Sistema gráfico Xorg 6.8.2
- Escritorio Gnome 2.12.1
- OpenOffice.org 2.0
- GCompris 6.5.3
- Dr. Geo 1.0.0
- Anjuta 1.2.4
- Audacity 1.2.3.
- Gaim 1.5.0
- Oregano 0.40.4
- Solfege 2.0.4

E moitas máis aplicacións educativas

Algunhas destas características están sendo cambiadas porque tentamos actualiza-los paquetes todo o que é posible. En vindeiras versións - a parte de corrixi-los bugs- trataremos de buscar novo software educativo útil para os docentes e ofrece-la versión en galego da *distro*.





## A UE ofrecerá en Internet un millón de postos de traballo en toda Europa

Con motivo do Ano da Mobilidade dos Traballadores, a Comisión Europea pretende alenta-lo desprazamento dos traballadores europeos a outros países distintos ós da súa procedencia, en particular, daqueles que requiren un posto de traballo. Para iso, o Portal Eures estrea unha nova bolsa de emprego, creada a medias entre os servizos de emprego nacionais e a propia Comisión, na que se recollen demandas dos 25 países da Unión Europea máis: Islandia, Noruega, Suíza e Liechtenstein, e que será unha solución para os máis de 20 millóns de persoas que buscan ocupación na Unión Europea. A cuestión é: cantos cidadáns europeos estarían dispostos a desprazarse a outro país para traballar? Malia que máis da metade pensan que Europa supón “liberdade para viaxar e traballar na UE”, este dato non se traduce na práctica pois, segundo datos do Eurobarómetro, tan só o 1,5% dos europeos traballa nun país da UE distinto ó da súa orixe, e un 70% dos enquisados, non ten intención de moverse nun futuro inmediato. Máis información en <http://europa.eu.int/eures/>

## Publican un mapa interactivo do mundo visto de noite

Peter Pesti, estudante do Instituto de Tecnoloxía en Computación de Georgia (EE.UU.), elaborou unha versión do servizo Google servíndose dunha imaxe do mundo nocturno, creado pola NASA a partires de imaxes captadas por satélites. O Nighttime! permite 7 niveis de zoom, de xeito que se poden ver os pormenores da popular imaxe do mundo dende unha óptica nocturna, resulta especialmente atractivo para detecta-la dispersión da poboación en relación coa luminosidade nocturna que xera. Máis datos en [www-static.cc.gatech.edu/~pesti/night/](http://www-static.cc.gatech.edu/~pesti/night/)

## Unha empresa compostelá lidera a venda de reprodutores de MP3 en España

A empresa compostelá Blu:sens, especializada en electrónica de consumo, púxose ó nivel de vendas de empresas coma Sony ou Philips no tocante ós reprodutores de MP3, vendendo 300.000 unidades en 2005, das que 150.000 se comercializaron durante o pasado Nadal. Estímase que esas vendas poderían supor xa unha facturación superior ós 18 millóns de euros, só nestes dispositivos. Con estas cifras Blu:sens sería líder no sector, o que semella algo rechamante ó ser unha empresa galega, aínda que hai que subliñar que as fábricas dos reprodutores están sitas en China (polo que acadan prezos moi competitivos). Actualmente, a empresa ten 2 instalacións en Santiago (onde se deseñan e desenvolven os produtos) e 1 en Madrid (onde se establece unha plataforma loxística), traballando 35 persoas en Compostela e 30 na capital do Estado. Máis datos en <http://www.blu-sens.com/descargas.php>



## Xavier Alcalá presentou na Coruña o seu percorrido histórico polo comercio electrónico

Un estudo que é un percorrido pormenorizado polos sistemas de telecomunicación e informática na oficina. A historia dunha ferramenta, o comercio electrónico, que é máis antiga do que se pensa, anterior ó espallamento de Internet, de cando se conectaban computadores a través de redes de datos. Esta é unha das moitas maneiras posibles de presenta-lo libro de Xavier Alcalá, *C-e: de empresa a empresa*, que foi dado a coñecer hai uns días polo autor na Librería Grafos da Coruña. O novelista e enxeñeiro, que estivo acompañado do reitor da Universidade da Coruña, José María Barja, definiu deste xeito a súa obra: “É un repaso pola traxectoria do comercio electrónico dende os seus comezos e, ó mesmo tempo, unha adaptación sistemática da terminoloxía, a miúdo mal traducida do inglés, ó galego, permitindo a súa adaptación a calquera lingua latina”. O estudo vai dirixido, primordialmente, a profesionais e estudantes, e contén un amplo repertorio de referencias e ligazóns con webs actualizadas sobre a materia. Trátase do primeiro dunha serie de libros tecnolóxicos de Xavier Alcalá e outros colaboradores.

## España ten neste intre 40 millóns de liñas de teléfono móbil, segundo a CMT

Xa hai 40 millóns de liñas de teléfonos móbiles en España. Esta cifra non significa exactamente que tódolos españois teñan un terminal, posto que hai moitas persoas que posúen varios números (hai quen ten varias liñas, cadansúa adicada a distintos mesteres). Segundo informa nun comunicado a Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT), de todo o cadro de liñas: o 48% son xestionadas por Telefónica (19,3 millóns), o 28% por Vodafone (11,2 millóns) e o 24% por Amena (9,6 millóns). En canto á primeira das operadoras dicir que, neste intre, está nos medios de comunicación por motivos diferentes mais complementarios ó da subida no número de liñas móbiles: obtivo ó longo de 2005 un total de 1.919 millóns, o que supón un incremento do 13,4% con respecto ó ano anterior. Polo que atinxe ás modalidades de pago, dicir que a CMT sinala que agora son equiparables as cifras de clientes con contrato e as de usuarios con tarxeta (20 millóns+20 millóns). No que se refire a gasto medio, cada cliente desembolsou unha media de 60 euros.

## Máis de 166.500 galegos participaron na campaña Todos en Internet

Rematou a iniciativa *Todos en Internet* e xa hai datos de concorrencia na mesma referentes a Galiza: participaron, nesta campaña de sensibilización dixital, máis de 166.500 galegos e galegas, segundo informou o ministro de Industria, José Montilla, nun acto de clausura. No proxecto, posto en marcha en setembro de 2004 e promovido polo departamento que dirixe Montilla, participaron un total de 1.679.940 persoas a nivel español, internautas debutantes que coñeceron, de primeira man, as vantaxes da Rede nas 25 aulas habilitadas en 3.250 localidades de España. Conforme indicou Montilla, *Todos en Internet* superou amplamente os obxectivos previstos, “xa que acadou un grao de cumprimento do 112%”. Cómpre sinalar que, en Galiza, a campaña contou coa colaboración da Xunta e de diferentes administracións locais, estando especialmente dirixida a sensibilizar a colectivos con risco de exclusión dixital, coma por exemplo persoas maiores (o 11,46% dos galegos que entraron nas aulas). Máis datos en [www.todos.es](http://www.todos.es)



## O Festival Play-Doc levará a Tui os documentais máis premiados do panorama internacional

O xénero de filmes documentais vive días de reivindicación, grazas ó éxito nas salas cinematográficas (sempre relativo) de longametraxes tan interesantes como *Fahrenheit 9/11*, *El cielo gira* ou *En construcción*; por poñer uns cantos exemplos. Este bo intre de forma do xénero ben podería ser unha das razóns do éxito do certame Play-Doc, o Festival Internacional de Documentais de Tui, mais non se pode deixar de lado que hai moitas máis razóns. Coma por exemplo a vontade da organización de centrarse nas películas recoñecidas nos festivais de máis sona do mundo, produtos que non se ven tódolos días nas salas e, menos aínda, nesas grandes cadeas de minicines onde non ten cabida nada que non sexa estritamente comercial. O festival Play-Doc vai camiño da súa segunda edición, logo do éxito da primeira, que acadou emprazar a máis de 5.000 afeccionados ós documentais. Celebrárase entre os días 22 e o 26 de marzo, e un dos seus obxectivos fundamentais é “establecerse como a gran xuntanza de exhibición para realizadores de todo mundo con sede en Galiza”. E aquí vai outro: “Ofrece-lo mellor cinema documental”. Na organización do certame están Sara García e Ángel Sánchez, que sinalaron recentemente no acto de presentación do festival que, para este ano, vanse superar tódalas expectativas. Así, xa está confirmada a concorrencia de máis de 350 obras que, provindo como proveñen de tódolos currunchos do planeta, é moi posible que constitúan unha boa maneira de entende-la actualidade do mundo no que vivimos. Como uni-las pezas dun gran enigma. Do 22 ao 26 de marzo, na terra fronteiriza de Tui, poderanse ver documentais de autor realizados en: Irán, Rusia, Canadá, Portugal, Bélxica, Israel, Brasil, Países Baixos, EE.UU., Italia, México, Francia, Bulgaria, Cuba, Polonia e, por suposto, de España e Galiza. Ademais, Play-Doc contará cunha Sección Oficial Competitiva, na que se premiará a mellor longametraxe documental así como tamén a curtametraxe documental. Así mesmo, organizarase unha sección chamada Atlántico, na que entrarán a concurso todos aqueles documentais realizados en lingua galega e portuguesa e/ou producións galegas. Tamén, un ano máis o evento contará co importante apoio de Documanía, que outorgará un premio especial. A maiores, o festival contén seccións adicadas ás ferramentas tecnolóxicas atribuídas á creación audiovisual. De aí que, conxuntamente coa empresa Avid, se organice o obradoiro Xpréssate, do que falamos a continuación. Máis datos en [www.play-doc.com](http://www.play-doc.com)



## Os dominios "es" acadan no primeiro mes do ano a cifra de 319.133 rexistros

A cifra de dominios ".es" situouse no pasado mes de xaneiro en 319.133 rexistros, conforme datos achegados por Red.es, entidade dependente do Ministerio de Industria. No último informe achegado por este organismo, tírase a conclusión de que no primeiro mes do ano formalizáronse 20.533 novos dominios, nove meses despois da posta en marcha do plan, aprobado polo Goberno para incentivalo proceso de rexistro. Esta cifra, prosegue o comunicado, supón que, no mes de xaneiro, contabilizáronse o dobre de dominios ".es" cá dos ".com". A razón deste pulo nas "parcelas" de Internet nacionais é, consonte di Red.es, a baixada nos prezos ó ser dadas de alta. Con todo, o período no que se puido ver maior ritmo de crecemento foi o comprendido entre: o mes de outubro e o de novembro do pasado ano, cando se rexistraron 145.039 novos dominios.

## Condenan ó buscador de imaxes para móbiles de Google por violación de copyright

A demanda de Perfect 10 contra Google ten moitas caras, e agora un xuíz norteamericano considera que, o buscador de imaxes de Google para móbiles, infrinxe o *copyright* de certas imaxes da acusación, xa que permite a súa visualización en miniatura (que no caso dos móbiles coincide co tamaño final da imaxe). Deste xeito, o buscador achega de balde contidos de pago. O Tribunal Federal de Los Angeles coidou que Google recibía ingresos económicos a través da publicidade, polo que sacaba beneficio do uso das imaxes de Perfect 10 no seu buscador. Emporiso, o caso das imaxes no móbil só era unhas das acusacións contra Google, no resto o xuíz pronunciouse a favor do buscador, polo que a sentenza non é tan negativa como cabería esperar. Finalmente queda nunha instancia a Google para deixar de empregar certas miniaturas no seu buscador de imaxes.

## Softgal e Vignette advirten: ou as administracións xestionan ben os datos ou non poderán dar un bo servizo ós cidadáns

Nun mundo no que a información que manexan as empresas e as institucións se duplica cada 18 meses é preciso desenvolver ferramentas que non só nos axuden a dispoñela, senón tamén a presentala. Isto que semella de vital



importancia para o sector privado é condición cen por cen indiscutible para as administracións, que empregan un volume de datos cada día máis difícil de contabilizar e mesmo de imaxinar. Esta é a premisa da que partiron Softgal e Vignette na xornada organizada no Hotel Porta do Camiño de Santiago, un seminario no que achegaron claves para que as institucións, agora que van camiño de ser electrónicas (ou iso agardamos dende aquí), ofrezan o mellor servizo posible ós cidadáns, máis rápido e máis efectivo. Dito doutro xeito: trátase de que o volume de datos, que medra por segundos, non remate por crear "desinformación". Así se expresou, precisamente, Enrique Mazón, responsable de Sector Público de Vignette, quen sinalou no seminario (orientado principalmente ós profesionais das institucións públicas) que o 80% dos datos non están estruturados. Están en *word*, en fotografías ou en arquivos escaneados, distribuídos en lugares diferentes ós que acudimos cada día para recuperalos. Segundo Mazón, é fundamental que unha entidade pública analice, seriamente, como vai emprestar esa información ó cidadán e tamén a outras institucións ou organizacións. "Con isto", comentou, "evítase que un cidadán vaia dunha xanela a outra a presentar un papel que xa existe nunha fiestra anterior".

Vignette, o que fai, é unir dous mundos:

- O apresamento e a xestión da información.
  - A presentación da información, axeitándose ás características da administración ou do negocio.
- Tanto Softgal coma Vignette, á hora de desenvolver esta xornada, trataron de reflectir: as opinións dos seus clientes, as súas necesidades, co fin de presentalas perante os asistentes ó seminario (Mazón confesou que o labor de presenta-los criterios dos clientes baseábase nunha sinxela e útil manobra de "corta e pega"). Aquí van unhas cantas delas: 1 ° Só tres, de cada cinco usuarios, atopan o que buscan na Rede (hai moitos datos nos portais, mais o cidadán non dá con eles, algo falla entón?). 2 ° Dóbranse as mensaxes distintas entre diversos departamentos dunha mesma organización. "Como imos cooperar uns cos outros se nin sequera somos quen de facelo entre nós?", díxolle Mazón ós asistentes. 3 ° Non é clara a titularidade dalgunhas páxinas, e o internauta non sabe moi ben onde se atopa.

Conforme Vignette e Softgal, chega un intre en que é preciso poñer orde, mellora-lo servizo ao cidadán e tamén os custos. "Non pode ser que non lle poidamos dar unha resposta clara a un cidadán na sede dunha administración e dicirlle que volte mañá. Trátase de xestionalo coñecemento: se algún membro da organización se vai, que non se leve todo o coñecemento con el. Se pensamos na administración electrónica, ou lle poñemos as cousas doadas ó cidadán ou isto non vai funcionar", comentou Mazón, Chegando dalgún xeito á chave da xornada: a manexabilidade das ferramentas tecnolóxicas, a utilidade, o sinxelo convencemento de que empregar unha canle de nova factura vai ser, infinitamente, máis vantaxoso para nós que facelo polos vieiros de toda a vida, aqueles que nos obrigaban a agardar, durante horas na oficina dunha institución, para logo ver como nos poñían perante os ollos o cartel de "volte mañá".

## Pechan o servidor da rede eDonkey máis importante do mundo

Razorback 2, o servidor da rede eDonkey máis grande do mundo, quedou clausurado a petición da industria cinematográfica, que o denunciou co argumento de que se empregaba, principalmente, para o intercambio de películas e música protexidas por *copyright*. As autoridades suízas e belgas son as que marcaron a fin do servidor e detiveron ó seu responsable. O servidor, que permitía o troco masivo de ficheiros estaba hospedado en Zaventem (preto de Bruxelas), de aí que fora precisa a colaboración das autoridades europeas para atalla-la denuncia presentada pola MPAA. Segundo a industria cinematográfica, Razorback 2 tiña "claras motivacións económicas" (con ingresos publicitarios na súa web) e tamén recollía doazóns dos usuarios. Na actualidade, estímase que hai uns 3 millóns de usuarios da rede eDonkey a nivel mundial, repartidos entre máis de 100 servidores, mais Razorback 2 acollía só a máis dun millón de usuarios, polo que o seu peche supón un duro golpe para a rede P2P que emprega programas coma o eMule.

## A web do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galiza, máis accesible

A web do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galiza xa ten nova faciana, con máis contidos (en galego e en castelán) e, sobre todo, máis accesible.



Dito doutro xeito:

coa remodelación desta páxina, a Xunta quere que sexa útil tamén para as persoas que teñen problemas de visión, ou que non atesouren coñecementos tecnolóxicos abondos. A nova web, operativa dende mediados de febreiro, ten este propósito: ofrecer un servizo máis eficaz a un volume de usuarios cada vez máis numerosos. Segundo informa a Xunta, "a usabilidade é unha das características fundamentais deste sitio web, que busca garanti-lo acceso aos contidos e funcións da páxina a todos os cidadáns, independentemente dos dispositivos físicos e dos navegadores web que se empreguen para isto". Entre o paquete de incorporacións á páxina cabe salientar que, a partir de agora, ofrécese información sobre os cursos e os eventos organizados pola Dirección Xeral de Protección. Ademais, di a Xunta, os usuarios poderán acceder ás distintas novas de interese que se produzan vencelladas co Centro de Atención de Emerxencias 112 Galiza.

## Telefónica e FIAPAS colaborarán para mellora-lo emprego dos móbiles nas persoas xordas

Neste mundo no que vivimos de tecnoloxía e información, danse moitas cousas por sentadas. Deuse por sentado que tódalas persoas podían emprega-lo rato e o teclado, que todos desfrutaríamos coas animacións en Flash das páxinas web e que non había ninguén que non puidese falar polo teléfono móbil. É mester, polo tanto, corrixir moito do desenvolvido, comezando, neste caso, polos terminais móbiles. É neste sentido, onde queren traballar Telefónica e a Confederación Española de Pais e Amigos de Xordos (FIAPAS), que veñen de unir forzas para mellora-las comunicacións das persoas con discapacidade auditiva. Para comezar, vaise informar puntualmente a este colectivo de tódolos modelos dispoñibles con audífonos e implantes cocleares. Ademais, Telefónica colaborará con FIAPAS para avalia-la compatibilidade entre os teléfonos móbiles homologados pola operadora e os anteditos dispositivos, "o que vai permitir mellorar notablemente a calidade das comunicacións móbiles das persoas xordas e as súas familias". Amais, favorecerase con este acordo o desenvolvemento de novos proxectos, informes, estudos e propostas para que os fabricantes aposten pola accesibilidade.

## A web de Caramelo, Premio de Publicidade en Galego polo seu deseño e espírito innovador

O Consello Asesor de RTVE entregou o pasado 16 de febreiro os Premios de Publicidade en Galego, certame que xa chegou á súa doceava edición. Estes galardóns, que foron dar ós seus destinatarios nunha xuntanza, celebrada no hotel compostelán



NH Obradoiro, inclúen un apartado reservado para as novas tecnoloxías, concretamente para a expresión publicitaria en Internet. Nesta categoría foi recoñecida, cunha mención especial, a web Caramelo Colección Outono-Inverno 2004-2005, creada pola empresa galega Interacción. Os encargados de recoller este premio foron Ignacio Molina, director de Marketing de Caramelo e Beatriz Legerén, xerente de Interacción. É preciso salientar que non é a primeira vez que a web de Caramelo e os seus desenvolvedores -os membros do equipo Interacción- reciben algún tipo de recoñecemento. Esta marca galega de moda, amais, foi unha das pioneiras en Galiza que apostaron pola innovación e o deseño en Internet, co obxectivo de fornece-la súa competitividade no mercado internacional. A web, creada en Flash, inclúe espazos virtuais diferenciados para cada unha das marcas e os datos da empresa, ademais dunha pasarela de moda virtual e apartados especiais para distribuidores e prensa. Máis información en [www.caramelo.com](http://www.caramelo.com)



# SOFTGAL

desarrollo e integración de sistemas


soluciones e-business

ingeniería de sistemas, redes y comunicaciones

integración sistemas multimedia y audiovisuales

soluciones de almacenamiento

infraestructuras TIC



A Coruña

Santiago de Compostela

Vigo

Madrid

Lisboa



## O P2P ameaza á industria do DVD

BayTSP informa de que o usuarios de redes P2P prefiren intercambiar copias de filmes en DVD que de estreas cinematográficas de baixa calidade, invertendo a tendencia histórica do intercambio de vídeo a través da Internet, de xeito que semella que a Internet xa non supón unha ameaza para a grande pantalla, ora que pon en perigo seriamente ó mercado doméstico, que é unhas das fontes de financiamento máis importante da industria cinematográfica.

O informe presentado por BayTSP tamén indica un forte troco de series de televisión a través da Rede, de xeito que os capítulos de *South Park* ou de *Mujeres Desesperadas* acadaron un nivel importante de descargas que denota unha nova corrente por parte dos usuarios de ve-la televisión fóra dos horarios de emisión habituais (o que tamén podería prexudica-los ingresos publicitarios das canles televisivas).

## Windows Vista chegará en 6 versións distintas antes de remata-lo ano



Microsoft xa definiu as versións que se comercializarán do sistema operativo que tomará o relevo do Windows XP, o Windows Vista, que terá 6 sabores distintos, de xeito que están ultimando o seu lanzamento conxunto para a segunda metade do presente ano. As versións de Vista serán: Vista Home Basic e Vista Home Premium dirixiranse ó público doméstico, que tamén poderá obter unha edición mellorada (Ultimate), mentres que as empresas terán Vista Business e Vista Enterprise (que se diferencian, principalmente, no número de licenzas). Para os mercados emerxentes tamén haberá o Windows Starter (con prestacións reducidas, ora que a prezos competitivos).



## O certame Curtas na Rede fornecerá o audiovisual galego a través de Internet (e viceversa)

A Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual vén de sacar un proxecto que se podería cualificar como "parente directo" doutra actividade organizada polo mesmo departamento, o certame Entra e navega. Neste concurso, como poderemos lembrar, tratábase de incentivar o emprego de Internet nas bibliotecas, e tamén de fomentar o uso das bibliotecas a través de Internet. Agora temos de novo unha iniciativa con múltiples ramificacións: Curtas na Rede, un certame que busca fornecer o audiovisual galego con axuda da Rede... e viceversa. Detrás desta vontade de cubrir moitas fronte atopamos, precisamente, varios departamentos da Xunta implicados: a dita Dirección Xeral, o Consello da Xuventude e (colaborando) a Consellería de Cultura, a CRTVG, o operador R e máis o Consorcio Audiovisual de Galicia. A iniciativa foi presentada o venres 10 no Club Internacional de Prensa (na imaxe) e consiste, basicamente, en premiar o espírito creador dos galegos na linguaxe audiovisual.

Os interesados en inscribirse (o prazo abre o 15 de marzo na web [www.curtasnarede.es](http://www.curtasnarede.es)) deberán achegar unha curtametraxe de xénero e técnica libre sobre mocidade, comunicación ou lingua galega e que non poderá exceder dos cinco minutos. No concurso, que remata o 15 de maio, poderán participar as persoas que o desexen, sempre que concorran cun produto inédito. Subliñar que hai tres categorías de competición, dependendo da idade do director. Haberá tres premios por cada unha daquelas de 1.500 euros. Tamén se recoñecerá a curtametraxe máis apoiada na Rede e a produción que máis e mellor promova a nosa cultura. Cómpre dicir que o público poderá vota-las obras presentadas a través da web do concurso.

## Telefónica Móviles presentará en Compostela as súas novas solucións de mobilidade para as administracións

Unha xornada para debater sobre todo aquilo que pode facer o factor mobilidade polos traballadores das administracións públicas: menos dependencia ás oficinas, maiores capacidades de desenvolvemento e xestión ou melloras na comunicación cos cidadáns. Estes son os temas arredor dos que xire o encontro Solucións en mobilidade para a Administración Pública, que organiza Telefónica Móviles en Santiago, no Hotel Porta do Camiño, o día 22 de marzo a partir das 9.30 horas. Na xornada estará presente, entre outros persoeiros do sector das telecomunicacións, Ignacio Aller, director territorial de Telefónica Móviles, quen presentará o Proxecto Cidade Móvil.

## APD organiza unha xornada sobre o mellor xeito de sacarlle rendemento ás novas tecnoloxías nas empresas

Como facer que as novas tecnoloxías sexan realmente rendibles para as empresas e non un elemento decorativo máis das oficinas, ou un trámite sen máis importancia? Cal é a chave para non andar as apalpadelas nunha Sociedade do Coñecemento na que se corre moito risco de camiñar e dar contra unha parede? Co fin de responder a estas e outras preguntas, APD Noroeste organiza este xoves 16 de marzo unha xornada que ten un título que fala por si só e non precisa máis explicación: Cómo explotar optimamente as posibilidades das novas tecnoloxías nas pequenas e medianas empresas. A xornada de actualización comeza ás 18.00h na sede en Santiago da Confederación de Empresarios de Galicia. Como relator, acudirá Daniel Lobón, socio director comercial de Corunet. Para máis información, consultar a web [www.apd.es](http://www.apd.es)

## Vigo será a sede da animación europea en 3D a partir do día 20 de abril

A tecnoloxía ó servizo da animación. O que antes relatava unha única voz, arredor da fogueira e en perfecta harmonía coa imaxinación dos oíntes, agora son historias narradas en tres dimensións. A industria audiovisual segue avante, e pode avanzar aínda máis, de aí que cada certo tempo se organicen debates, foros e congresos: para ver até onde se chegou hoxe, e até onde se chegará mañá. É aí onde cómpre situa-lo encontro Cartoon Future, que o ano pasado se celebrou na Coruña e que este ano despraza o seu centro de operacións cara a Vigo. A xuntanza, que chega á súa cuarta edición, está organizada pola Asociación Europea de Animación Cartoon (con sede en Bruxelas) e vaise celebrar entre o 20 e o 22 de abril. En anteriores edicións, o certame congregou, baixo un mesmo teito, a profesionais do audiovisual de tódolos recunchos do planeta, incluídas as factorías que máis están dando que falar, nos últimos tempos, en materia de animación: as do Extremo Oriente. Segundo indica a devandita asociación nun comunicado, o encontro vaise centrar, sobre todo, en analizar cuestións como a chegada da alta definición ou da televisión nos móbiles (como afectan estes formatos ós contidos e ós continentes).

## As Pontes e Vilalba inauguraron dous puntos de acceso público a Internet no rural

O proxecto Vilas Dixitais, unha iniciativa que forma parte de Cidades Dixitais e que está integrada por As Pontes e Vilalba, vén de entrar de cheo nunha fase decisiva do seu desenvolvemento. Así se fixo saber este venres día 3 no acto de inauguración de dous telecentros (puntos de acceso público a Internet no rural), o primeiro en Santaballa (Vilalba) e o segundo en Somede (As Pontes). A apertura oficial destes centros correu a cargo da Comisión de Control e Seguimento de Cidades Dixitais de Galiza, da que forma parte o director xeral de Comunicación Audiovisual, Manuel Xosé Fernández. O equipo, integrado por membros do Goberno central, da Xunta de Galiza e dos Concellos que incluídos no proxecto, tamén se dedicou a avaliar a evolución do proxecto Vilas Dixitais, que foi posto en marcha en 2004 e que remata agora a fase inicial preparatoria. A inauguración dos puntos de acceso foi acompañada de demostracións de conexión á Rede, e aproveitouse para facer fincapé nas vantaxes da mesma para tódolos veciños. Segundo informou a Xunta, as actuacións levadas a cabo en Vilalba e As Pontes ascenden a 978.225 euros de orzamento, dos que foron financiadas polo Ministerio un 33 por cento (325.728 euros), a Secretaría Xeral de Comunicación o 13 por cento (126.766 euros), case 200.000 euros polos dous concellos implicados, así como unha importante achega de empresas e operadores de telecomunicacións (325.731 euros).

## Galinus convoca ós traballadores dos medios dixitais a participar nun curso de usabilidade na Coruña

Non todo o que se fixo en Internet é ouro. A tecnoloxía non nos salvou de determinados erros, como o de crer que había que poñer moitas cores nunha páxina web para chamar a atención do internauta a toda costa, ou de que era preciso carga-los sites de contidos, e daba igual se eran pertinentes ou non. En certa medida, leváronse a Internet conceptos emprastados doutras áreas, incluso do audiovisual. E unha web, digámolo claramente, non ten por que ser unha película. Sobre arquitectura da información e usabilidade en medios dixitais vai falar, precisamente, a empresa de Corcubión Galinus nun curso que se vai desenvolver o 5 e o 6 de maio na Coruña e que irá dirixido "a todos aqueles que traballen nun medio dixital: informáticos, deseñadores gráficos, documentalistas ou xornalistas". O curso, que ten o obxectivo de divulgar os principios básicos que axudan a construír webs usables dende a perspectiva dos medios on line, vai ser impartido por Rodrigo Varela e máis Daniel Cerqueiro, especialistas en usabilidade e deseño.

Para máis información cómpre visitar [www.galinus.com/curso-ai-mmcc](http://www.galinus.com/curso-ai-mmcc)

## Microsoft presenta en Santiago o SQL Server e máis o Visual Studio 2005

Microsoft terá unha representación en Santiago os días 14 e 15 de marzo, concretamente nas xornadas que a multinacional organiza no Hotel Porta do Camiño, con motivo da presentación en Galiza das súas solucións SQL Server 2005, Visual Studio 2005 e BizTalk Server 2006. O encontro tecnolóxico, que está patrocinado pola empresa galega Softgal (en calidade de socia de Microsoft), artéllase en dúas metades. O primeiro día estará dedicado á presentación das ferramentas SQL e BizTalk, e a xornada do 15 reservarase para dar a coñecer a solución Visual Studio 2005.



exp<sup>o</sup>enter



# 7 salón

multimedia e das  
telecomunicacións

Xornadas Técnicas  
Concurso de Proxectos Tecnolóxicos

**OURENSE**

**DO 30 DE MARZO Ó 1 DE ABRIL DE 2006**

Organiza:



Padroado:



# Cogami e os seus motivos adicionais

## A confederación galega recibe dous premios en menos de dous meses recoñecendo o seu labor de integración tecnolóxica dos discapacitados

*A Confederación Galega de Minusválidos (Cogami) leva tantos anos apostando polas novas tecnoloxías da información (dende 1991) que calquera premio que se lle dea por este motivo dificilmente poderá quitarse de enriba a etiqueta de “serodio”. Mais sempre adoita acontecer así, neste país, coas iniciativas que van encamiñadas a acurta-la distancia entre tecnoloxías e persoas discapacitadas. É dicir: primeiro faise o rato e o computador; despois o panorama actual de páxinas web e, logo, descubrimos que hai unha importante porcentaxe de xente que queda fóra desorde de cousas. Así e todo, galardóns coma os entregados por Fundetec e Eganet, recoñecendo o labor de Cogami, axudan a poñer de relevo un feito primordial: Internet mellora a calidade da vida dos discapacitados, ponos en contacto e fornece a súa formación profesional.*

### REDACCIÓN

Di a publicación NSU (Nosolousabilidad.com) que nesta era dixital que vivimos, na que o groso da información chega polas novas redes tecnolóxicas, as persoas con algún tipo de discapacidade teñen motivos adicionais para vivir na Sociedade da Información, para desfrutar dela, dos seus servizos e das súas comodidades. A Web, apunta a revista, pode servir de medio facilitador para tarefas que lles resultarían máis custosas de facer no mundo real. Ademais, segundo sosteñen entidades como a Confederación Galega de Minusválidos (Cogami), as novas tecnoloxías supoñen unha gran mellora na calidade de vida destas persoas, sendo unha ferramenta de formación imprescindible. Deste xeito, minguando a distancia que separa ós discapacitados da tecnoloxía obteranse vantaxes:

aqueles saírán gañando, ó igual có resto da sociedade.

Dito doutro xeito, non falamos de gasto, senón de investimento.

Porén, malia os esforzos desenvolvidos por algunhas entidades, é posible que o queda de camiño por percorrer sexa máis longo có percorrido.

Por que é tan custosa a infraestrutura que substitúe a combinación “rato+teclado” por outra, de máis doado manexo, para as persoas con falta de mobilidade? Por que hai webs que seguen perpetuándose en contidos ilexibles para individuos con escasa visión? Por que se fai así, se a porcentaxe de internautas en España con discapacidade estímase nun 10% da poboación (e a tendencia é a subir, co lento pero progresivo afianzamento tecnolóxico)?

“A importancia das tecnoloxías da información é crucial”, di Anxo Queiruga Vila, - vicepresidente da Cogami-, “e dobremente vantaxosa, xa que poñen ós discapacitados en contacto e, amais, contribúen á súa formación na sociedade que vivimos”. E segue: “Poñendo estas ferramentas ó seu alcance, redúcense as barreiras, aténdelles máis de preto, malia vivir en lugares afastados, e axúdaselles a combina-lo estudo con calquera outra actividade que estean a desenvolver nese intre da súa vida”.

### Dende 1991 apostando pola tecnoloxía

A Cogami é unha entidade que leva anos loitando por aproximá-las vantaxes das novas tecnoloxías ós discapacitados galegos. En realidade, a loita remóntase a 1991, un ano no que, a maioría de nós, nin sequera soñabamos coa posibilidade de que existise Internet. Pouco se podía facer daquela, e a infraestrutura era máis cara cá agora, ora que xa existía a idea de que o futuro da formación e da inclusión viña por esa canle. Quince anos despois, as cousas están deste xeito: Cogami ten hoxe oito cursos en marcha, 123 persoas inscritas e un departamento de informática que presenta, diseña e desenvolve as plataformas de comunicación e formación empregadas. Ademais, recentemente recibiu dous importantes premios polo seu labor de difusión, un deles galego (Premio Eganet 2005, o pasado 16 de decembro) e outro deles a nivel español (Premio Fundetec 2005, o día 2 de febreiro). Ámbolos galardóns foron entregados a esta confederación galega polo seu traballo de formación a distancia con persoas con diversidade funcional. Estes recoñecementos son, para Anxo Queiruga, vicepresidente da entidade, o sinal de que a Cogami non está a andar o vieiro errado, e poñen énfase no feito de que hai moita xente que non pode acceder de xeito doado á Sociedade da Información. Isto é, ó seu xuízo, especialmente grave en Galiza, onde hai que suma-lo problema do illamento da poboación a tódalas dificultades xa citadas, un illamento que non favorece a chegada dun acceso a



Anxo Queiruga, vicepresidente de Cogami, recibe o premio de Fundetec polo labor da confederación galega a prol da formación a distancia

Internet en boas condicións (mala infraestrutura telefónica).

En concreto, o Premio Eganet veu motivado pola plataforma Delfos, un proxecto con base europea que a Cogami fixo seu, e que vai orientado a crebar barreiras entre as novas tecnoloxías e as persoas que non poden facer uso normal dos dispositivos impostos (rato, teclado convencional e demais). É unha idea dirixida sobre todo a persoas con grandes discapacidades físicas, que teñen graves problemas de mobilidade. O primeiro paso de Delfos foi poñer en contacto, entre eles, ós individuos con este tipo de limitacións. Que se coñeceran a través das novas tecnoloxías: esta foi a base.

Mais Delfos non acouga. Non pode facelo, tendo en conta o rápido que se renova a tecnoloxía e as novas necesidades de comunicación e formación que xorden cada día.

Polo que respecta ás características máis técnicas de Delfos, dicir que é un entorno de traballo para a formación a distancia que emprega á Rede como medio de comunicación entre as súas compoñentes e entre as persoas que están a facer uso del. No que se refire á estrutura, sinala Cogami, consta de dúas partes diferenciadas: o entorno de traballo de mestres e alumnos e a aplicación no sistema servidor, e cinguidos a este outro elemento de primeirísima orde: os materiais didácticos.

Estes son algúns dos cursos postos en marcha na actualidade:

- Deseño de páxinas web
- Empregado de oficina
- Alfabetización tecnolóxica (este impártase durante todo o ano, para que os alumnos poidan acceder ós demais cursos)
- Informática básica
- Informática e aplicacións para gravemente afectados (16 alumnos: persoas que unicamente poden mover o pescozo e teñen diversos dispositivos para manexa-las ferramentas tecnolóxicas; por exemplo co movemento da cabeza, cos sopridos, coa voz ou co contacto da lingua; estas persoas, por certo, elaboran cada mes un xornal virtual, [www.moemiavirtual.com](http://www.moemiavirtual.com)).

### Fóra barreiras: o bo e o malo da tecnoloxía

As novas tecnoloxías da información son, en si mesmas, unha arma de dobre fío. Anxo Queiruga relembrounolo nunha reunión mantida na sede que

Cogami ten en Santiago. É certo que para as persoas con discapacidade estas novas tecnoloxías son coma un gran martelo que creba moitas das barreiras que os afastan da sociedade. Amais, a formación que corre por estas canles non che obriga a deixar todo aquilo que estás a desenvolver nun intre concreto da túa vida: o teu traballo, a túa familia, o teu entorno. Con isto, as longas peregrinaxes de persoas discapacitadas para completa-la súa aprendizaxe (este foi o caso do propio vicepresidente da Cogami, que pasou tres anos e medio en Salamanca) non terían por que repetirse. Hai, polo tanto, un importante aforro en profesorado e máis en desprazamentos. Así é todo, a tecnoloxía, como todo iso que fai máis cómoda a nosa vida, tamén pode ser fonte de problemas. O principal é que se non se saca á xente do fogar córrese o risco, paradoxicamente, de incomunicala. Estaríamos, polo tanto, favorecendo a chegada dunha Sociedade da Información que “desinforma” e que non promove o contacto directo entre as persoas. Por esta razón, a Cogami trata de combina-la comunicación nas redes con actividades presenciais profesor/alumnos. “A tecnoloxía non é a solución definitiva, senón un complemento”, sinala Queiruga.

### Casas intelixentes

O futuro é unha casa onde tódolos elementos estean interconectados, un fogar chamado “intelixente” ou “dixital” onde todo se manipule a través dun computador. Esta é unha das grandes vantaxes das novas tecnoloxías no colectivo de discapacitados, e a Cogami vai apostar por esta vía en diferentes proxectos. Por exemplo, na casa intelixente que se vai construír no barrio de Fontiñas, en Compostela, onde se habilitarán espazos adaptados a persoas con minusvalías físicas (o soar foi mercado por Cogami grazas a un acordo co Concello). Dun total de 20 vivendas, adaptadas a distintos niveis de discapacidade, 10 contarán cos máis modernos sistemas de domótica e fogar dixital. O que se pretende, di a entidade, é que os propietarios poidan manexar os elementos da casa con mecanismos interconectados. Por exemplo: as luces, o ascensor ou as portas. A Confederación tamén achegará a súa experiencia no Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI) en Santiago, na zona de Salgueiriños.





Unha vez máis, a mocidade de galega usuaria de ferramentas informáticas vai estar durante tres días ilocalizable. O motivo desta desaparición xeralizada é Xuventude Galiza Net, que para esta convocatoria 2006 vai desenvolver entre o 7 e o 9 de abril. O lugar elixido para as actividades é o Palacio de Congresos de Santiago. Alí reuniranse 1.500 persoas, de idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos, unidas baixo un mesmo teito e baixo un mesmo ideario: compartir información, tirarlle rendimento a Internet e busca-lo xeito máis xusto de espallala. Propiciárase, polo tanto, algo que poderíamos chamar a "Internet xusta", termo que fai referencia directa á necesidade de adapta-lo acceso á información de todas aquelas persoas que non poden emprega-lo rato e o teclado, ou que se perden na morea de datos inútiles e animacións baleiras que ofrecen moitas páxinas webs, máis do que se pode imaxinar. Na organización está a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Estes departamentos da Xunta, como se pode imaxinar polos termos que designan as súas competencias, queren darlle a XGN unha viraxe máis social, máis comprometida. De aí que se aposte por tres novidades principais no programa:

- Potenciación do emprego do galego no eido das novas tecnoloxías.
- Fornecemento do software libre a través de obradoiros de Linux coa colaboración de asociacións de mozos e mozas.
- Haberá un espazo adicado ás discapacidades a través dunha conferencia na que se falará, entre outras cousas, de diversas liñas de axuda. Presentarase, ademais, material informático avanzado.

As persoas de idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos poden ser moitas cousas e ter moi distintas vocacións e vontades, mais hai un nexo común que semella unilos a todos: Internet. É por iso que se organiza, un ano máis, a xuntanza Xuventude Galicia Net, un encontro que conta este ano un *gigabit* de velocidade de rede interna (40.000 metros de cable) e que, ademais, apunta directo a estes obxectivos, máis importantes conforme se van lendo cara abaixo.

- Internet
- Os computadores
- As persoas

De feito, unha das finalidades básicas deste encontro é habilitar tecnoloxía para crear comunicación, computadores para a amizade e o enriquecemento. Para que se entenda, faremos repaso das razóns polas que, durante eses días, convén adiar calquera cita (por moi relevante que sexa), viaxe ou compromiso. Non serve de nada dicir que a persoa máis importante da nosa vida nos require dende o outro extremo de España. XGN será, un ano máis, o punto onde se atopan internautas de: Madrid, Euskadi, Cataluña, Asturias e, de forma maioritaria, Galiza.

### 1. Razón primeira: aprender

Hai que acudir a XGN porque se aprende. Con independencia de que tamén se collan malos costumes (porque se collerán; sobre todo, no que se refire a emprega-las canles capacitadas para descargar e copiar de xeito indiscriminado), o bo prevalece sobre o malo. O que non sabía resolver un problema informático preciso, vai solucionar decontado. Compartir é solucionar problemas. Contestar preguntas. E, logo de todo iso, facer amizades. Tamén é ter a certeza de que cando remate esta xuntanza, o usuario vai contar, como mínimo, con cinco amigos ou amigas máis dos que tiña até o de agora. Na *party* hai persoas con distintos niveis de coñecemento. Eses coñecementos nunca son iguais nun participante cá noutro. Trátase de da-lo que se sabe para que a ti tamén che ofrezan. A tecnoloxía, que discorre a unha velocidade difícil de percibir polo ollo humano, basea os seus principios niso. A primeira vez que se puido falar realmente de tecnoloxía había máis dunha persoa na mesma habitación. O espírito de compartir non só se limitará á zona habilitada para os inscritos, senón que haberá un amplo espazo para os mozos e mozas que non acadaron entrar oficialmente en Xuventude Galiza Net. De feito, haberá múltiples ferramentas e actividades ó seu alcance. Tamén se habilitará un completo catálogo de opcións no que se refire a: conferencias, obradoiros e mesas redondas. As actividades esenciais do encontro, segundo indica a organización, xiran arredor dos últimos avances tecnolóxicos, o lecer e o computador como instrumento de creatividade. As conferencias contarán con persoeiros de renome dentro do ámbito da informática.

### 2. Razón segunda: divertirse

Non se pode poñer en dúbida que en Xuventude Galiza Net hai un gran compoñente de diversión. O que ocorre é que moitas veces non se sabe moi ben cal é a liña que separa a diversión da aprendizaxe. É precisamente esta unha das claves do éxito desta xuntanza. Que a mocidade aprenda sen se decatou de que está a aprender é posible grazas ó feito de se divertiren (semella complicado, mais si se volve ler polo miúdo, é moi posible que se entenda mellor). Neste sentido, o abano de actividades é amplo. Así acontecen concursos, que son tan variados como se poida imaxinar:

- Lanzamento de disco
- Campionatos de consolas
- Experiencia XGN
- Trivial informático
- Fast 2D
- A golpe de vista
- Á caza
- Descubre Santiago/Compostela
- Gráficos 2D
- Animación
- Case-mod
- Gráficos 3D
- Titoriais
- Torneo de xogos
- Páxina web
- Real Time Battle

- Rapidez ó teclado

Ademais, os participantes contarán con servidores dirixidos ós xogos máis populares. Asemade, terán acceso a todo tipo de xogos e plataformas as persoas que asistan por XGN sen estaren previamente inscritas (Play Station, Xbox, etc). Unha das actividades nas que está a facer máis fincapé a organización é a dos xogos de baile (na extranet), que comprende unha zona destinada ó Pump it up ([www.piuspain.com](http://www.piuspain.com)), onde os participantes contarán cun equipo de monitores que os alentará a apuntarse no torneo oficial clasificable para o World Pump it Up Festival 2006. Amais, XGN tamén acollerá a proxección gratuíta de *Gisaku*, a última película de animación da produtora Filmax.

### 3. Razón terceira: facer amigos/as

Na web de XGN adóitase habilitar unha sección onde participantes de anos anteriores dan a súa opinión sobre o que deu de si esta xuntanza. Todos eles, sen excepción, fan referencia a novas amizades acadadas ó longo das xornadas. Facer amigos e amigas nestas circunstancias é, en certa maneira, inevitable. Non se trata dun encontro restrinxido a galegos e galegas. Vén xente de toda España, co que se incorre, aínda máis, no factor "intercambio de coñecemento e cultura". Este é, de feito, un dos puntos que máis quere potenciar a nova organización: emprazar, nun mesmo recinto, a mozos e mozas de diferentes: idades, orixes e culturas para que se coñezan e interactúen entre eles. De fóra veu, precisamente, Ruth López, unha moza madrileña de 25 anos que asistiu á edición de 2004 cun grupo de trinta amigos, e que recoñeceu na web de XGN que se sente coma na casa, "porque a todo o mundo lle interesa o mesmo e o ambiente é increíble, malia que algunhas persoas veñen a competir e gañar", afirma. XGN, alén de todo, non está soa. Forma parte dun circuíto de reunións en todo o territorio español, que se están a consolidar coma unha desas redes de compañeiros en Internet, baseadas no principio de que, facendo uso dos nosos contactos, unicamente nos separan seis pasos (seis graos) da humanidade enteira. Quen coñece a alguén en XGN, (xa) pode tirar da corda, así coñecerá a toda a comunidade internauta galega. Así de sinxelo.

# Internautas á par que comprometidos

**Xuventude Galiza Net (do 7 ó 9 de abril) incidirá este ano en cuestións como a accesibilidade, o emprego do galego en Internet ou o software libre**

*Xuventude Galiza Net é a mesma do ano pasado, mais sen se-la mesma. Tivo que cambiar, agora que nas rendas de Internet semella haber máis persoas cá cifras, máis nomes propios cá intereses comerciais e políticos. A Rede fai honra ó seu nome e ramifícase en múltiples vieiros e tendencias, coma un espello da sociedade que, a forza de reflectila, remata por converterse en parte dela. O novo equipo da Xunta quere que XGN tamén sexa reflexo de todo o que está acontecendo no eido da tecnoloxía, desta situación na que todos somos xornalistas e lectores. Serán tres días, do 7 ó 9 de abril, para estar en rede, coma en anteriores edicións. No entanto, tamén se potenciará: o emprego do galego nas novas tecnoloxías, o software libre e a accesibilidade web, agora que xa se sabe que a gran maioría dos sites da Rede non che serven de nada se non tes certo nivel de visión ou de coñecemento tecnolóxico. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade non só quere reunir internautas no Palacio de Congresos de Santiago. Quere reunir mocidade activa e comprometida.*

*Acaso ninguén se decatou de que o departamento organizador cingue dous termos (xuventude e solidariedade) que son coma causa e consecuencia, e viceversa?*







## Atlantimag atraeu durante catro días a 3.600 visitantes, entre profesionais e estudantes de fotografía

*“Isto é todo o que podes facer coa fotografía se tes paciencia e escoitas con atención ós que levan máis anos cá ti traballando no sector”. Este co que abrimos ben podería se-lo resumo “non oficial” da cita Atlantimag, o salón da imaxe dixital que organizou a Feira Internacional de Galicia (FIG) en Silleda. Pero ben poderías ser estoutro, máis inzado de datos numéricos: “Atlantimag reuniu a: 120 empresas, seis exposicións artísticas, unha mostra de cámaras antigas, 3.600 visitantes e unha gran cantidade de presentacións e demostracións prácticas en directo”. Que cada quen elixa o que máis lle guste, e é certo que haberá moitas máis posibilidades, tantas coma fotógrafos, e somos conscientes de que coa chegada da era dixital (non hai dúbida algunha) multiplicáronse as fotos (boas e malas) pero tamén os propios fotógrafos. Puidémolo ver na feira, moi centrada no que está a dar de si a investigación de novos materiais, técnicas ou tendencias.*

### REDACCIÓN

#### Exposicións

As novas tecnoloxías fixeron que se acurtase a distancia que afastaba até hai poucos anos ó cidadán medio da práctica fotográfica. Púxoos máis preto a un do outro. Os profesionais seguen a ser profesionais, ora que os afeccionados teñen a sorte de poder facer máis fotos, de experimentar máis, e a fotografía é moi posible que saia gañando. O cinturón expositivo que rodeou o recinto habilitado para Atlantimag, na FIG de Silleda, puido ser considerado como unha proba diso: seis mostras que ofreceron ós visitantes unha visión do que poden chegar a facer (e voltamos ao comezo) con paciencia e coa atención ben dirixida cara ós que máis saben da materia. Na temática, houbo un pouco de todo: natureza, paisaxes, vodas. Sobre este último grupo, cómpre salientalo moito que se están a esforzar os fotógrafos para saír duns canons fixados que pesan moito. Como ofrecer unha imaxe distinta (e distendida) dunha cerimonia onde todo semella fixado con extrema precisión? Complicada tarefa, agora que en Atlantimag houbo algún que outro artista que acadou saír airoso dela. Entre estas exposicións puidemos atopala das 176 imaxes gañadoras e finalistas do Premio Nacional de Fotografía Profesional Lux 2005, ou as da Colección de Honra da Federación Española de Profesionais da

Fotografía e da Imaxe (FEPFI). Tamén se puido ver unha mostra da arte de Luís Lorenzo e outra coas fotos recoñecidas no Concurso de Fotografía Atlantimag. Sen lugar a dúbidas, dúas das exposicións que máis chamaron a atención dos visitantes foron as de homenaxe a: Ernesto Schreck Muro e máis a Xosé María Pérez Santoro. Ámbalas exhibicións (a primeira centrada, sobre todo, en retratos de moitas xeracións de ourensáns; e a segunda na paisaxe da nosa terra e, sobre todo, na muller galega) serviron para unir dous mundos: o que houbo antes da chegada do dixital, e o que houbo logo.

#### Tecnoloxía

Tecnoloxía houbo moita, en Atlantimag. Entre os stands, unha das presenzas máis chamativas foi a da empresa TCG, centrada en parte na investigación sobre “o mellor xeito de impresionar”, con novo modelo da serie PG 3212+ con características que fan que se impriman documentos ao maior tamaño, con maior resolución e en menos tempo. En favor do seu stand, xogaron en gran medida as proporcións dos traballos que saían da impresora. TGG, para que entenderan ben as aplicacións das súa tecnoloxía, incluíu un automóbil no seu stand, con imaxes de gran tamaño nos costados (un novo xeito de tuning? Máis ben unha ferramenta de publicidade) moi doadas de habilitar mais tamén (e este é un detalle importante) de suprimir, tan sinxelo coma limpar un cristal.

No que se refire a tecnoloxía dixital aplicada ás cámaras fotográficas, cómpre sinalar que Atlantimag serviu para que se presentasen as IXUS55, que incorporan unha pantalla de maior tamaño para poder visualizar mellor a imaxe, malia que o seu tamaño tende a ir reducíndose para unha maior comodidade do usuario. Tamén se presentou no mesmo plató de Atlantimag a Nikon D-200, novidade que foi cualificada como “un dos últimos grandes adiantos da fotografía dixital”, e que segue na liña da D70 pro con melloras. Por exemplo: mellor exposición para acadar unha reprodución o máis fidedigna posible coa realidade, ou a opción de traballar dende a cámara con distintos grupos de flashes.

#### Vantaxes do dixital

A pouco que te esforzases, podías escoitar en Atlantimag algunha rifa sobre as vantaxes do dixital enfrontadas ao analóxico, e iso sen saír dos límites dun grupo máis ben reducido de asistentes/profesionais. Así e todo, houbo actividades que amansaron os folgos, como a presentación da R9-DMR, unha cámara fotográfica mixta de Leica que cingue dous eidos en aparencia contrapostos: o analóxico e o dixital. Dito doutro xeito: é unha cámara híbrida que, a forza de ser tan innovadora, é única no mercado. Respecto ás vantaxes do dixital, Javier Águeda, de Canon, foi claro ó enumeralas:

- Cambio de sensibilidade (ISO) dunha foto a outra.
- Cambio de temperatura entre 2.000 e 10.000 k.
- Cor branco e negro en cámara ou no computador.
- Filtros incorporados.
- Menor ruído (gran): é preciso sinalar que Águeda retou a tódolos asistentes á feira a amosarlle o contrario.
- Visión inmediata da imaxe capturada.
- Corrección de erros (Photoestilo, no caso de Canon, unha especie de Photoshop incorporado na propia cámara).
- Actualización da cámara (firmware).

Con todo, houbo asistentes que se puxeron en contra da tecnoloxía dixital, malia recoñecerlle certas vantaxes. Foi o caso do fotógrafo Xosé María Pérez Santoro, un dos artistas/profesionais homenaxeados, quen dixo durante a cea de gala de Atlantimag que “antes as cámaras valorábanse moito máis, facíanse querer, e entraban en contacto coa túa cara e agora apenas se aprecian”. Polo tanto, defendeu o diálogo íntimo entre o artista e a súa cámara, e engadiu que non é certo que coas novas tecnoloxías as imaxes se conserven mellor, “xa que as dixitais, ós 25 anos, perden calidade e estráganse”.

#### Os visitantes, entre profesionais e estudantes

O lema da feira era atraer á maior cantidade de profesionais, sobre todo nos días previos á fin de semana, xa máis orientada ós afeccionados. Os primeiros representaron o 66% dos asistentes a Atlantimag, que, en moitos casos, se desprazaron até o recinto FIG dende os currunchos máis afastados da Península, como Tarragona, Sevilla ou Vitoria, e tamén dende o Norte de Portugal. Logo dos profesionais, os que máis se fixeron sentir na feira foron os estudantes, fotógrafos do mañá (moitos deles a piques de selo), provintes de escolas de arte como a Pablo Picasso da Coruña, Mestre Mateo de Santiago, Antonio Failde de Ourense e Ramón Falcón de Lugo. Tamén houbo afluencia de estudantes da Fundación para a Orientación Profesional en Galicia (FORGA) de Milladoiro, ou dos institutos Xelmírez de Santiago e Virxe do Mar de Noia.





## Qué buscamos nun reprodutor multimedia?

Os reprodutores de MP3 do tamaño dunha sinxela memoria USB resultan populares polo seu tamaño reducido, a súa comodidade de uso e o seu prezo reducido, pero son un produto paralelo ós reprodutores de MP3 con disco duro, que teñen un prezo aínda elevado, pero que amosan unha autonomía e unha capacidade moi atractivas, pero, ¿qué lles falta ós móbiles para chegar a ese nivel de aceptación coma reprodutores multimedia? ¿Qué busca o usuario neste tipo de dispositivos? Os elementos anteriormente citados parecen chave, así pois podemos asegurar que un móbil multimedia precisa un prezo reducido (o que se pode acadar grazas ás subvencións dos operadores de telefonía móbil), un tamaño reducido (esixencia habitual nos terminais de telefonía, que precisan meterse no peto sen resultar incómodos), unha autonomía elevada (xa que a reprodución de música non debería sacrificar a mobilidade dos dispositivos), alta compatibilidade nos formatos de son (debería reproducir ficheiros MP3 e non só formatos propietarios e exclusivos como acontece cos iPod) e, finalmente, un manexo sinxelo nos seus menús (algo no que se diferencian moitos uns reprodutores doutros na actualidade, de xeito que algúns son sumamente manexables mentres que outros resultan dun uso insufrible). Pero, o anteriormente mencionado podería valer para calquera reprodutor de MP3, e cando estamos ante un móbil está claro que habería outras esixencias irrenunciáveis para os usuarios, como serían o feito de que se puidera pasar do uso do reprodutor ó teléfono sen cortes (ou sexa, que se interrompese a reprodución de música ó recibir unha chamada e que retomase á situación anterior ó rematar a mesma), que se puidesen sincronizar os contidos do móbil cos do ordenador de xeito sinxelo (o que resulta útil para a organización da biblioteca de temas musicais), que permita a descarga de temas directamente dende o móbil (e non só coa axuda dun ordenador), que existan descargas musicais a un prezo axustado para permitir a compra legal de cancións que non boten ós usuarios ás redes P2P e, finalmente, que se poidan aproveitar as prestacións habituais do móbil nas aplicacións multimedia, ou sexa, que se poidan empregar os temas coma tons de chamadas, que os auriculares *Bluetooth* sirvan para achegar a música sen fíos, que se poidan transferir temas musicais por múltiples vías (WAP, IrD, *Bluetooth*, cable, etc.) e, en definitiva, que se traten de dispositivos realmente integrados.



## As solucións actuais

Está claro que o mercado actual non está a ofrecer o móbil ideal coma reprodutor multimedia, porque de ser así os reprodutores tipo iPod terían os días contados (e non parece que vaia a ser así). Pero os fabricantes comezan a andar na boa dirección, pero non logran crear un dispositivo que realmente integre todo o desexado. Así, fabricantes coma Samsung teñen terminais moi orixinais que teñen grande capacidade de almacenamento (4 Gb) e presentan botóns de control multimedia na parte exterior dos mesmos (de xeito que na parte interior estaría o teclado telefónico) de xeito que o móbil parece un reprodutor multimedia ordinario ó estar pechado e un móbil ó estar aberto, esquema que podería resultar de éxito, pero son os grandes fabricantes os que fan as apostas máis fortes e así temos dúas grandes tendencias actuais na telefonía móbil: unha da man de Motorola e Apple e outra de Sony. Apple, tendo un grande éxito co seu iPod e a súa tenda musical iTunes, chegou a un acordo con Motorola para lanzar un terminal (que antes do seu lanzamento recibía o alcume de iPhone) que resultou claramente decepcionante, o Motorola ROKR, que permitiría a conexión co ordenador para sincronizarse co programa iTunes de Apple para introducir no mesmo ata un máximo de 100 cancións. ¡100 cancións! Ou sexa, que un terminal altamente promocionado e dun prezo elevado tiña a capacidade dun simple reprodutor de MP3 de 50 euros, aínda que contase co atractivo de Apple. Sen dúbida esta solución parece un erro absoluto, e se ve constatado co feito de que un programador independente lanzase a aplicación informática *Mass Storage Synchronizer*, que permite realizar a mesma función de sincronización do ROKR dende outros móbiles de Motorola (con máis capacidade e prestacións) e incluso con terminais de Nokia, Samsung ou Sony, de xeito que a suposta solución multimedia de Apple e Motorola resultou torpedeada de xeito dramático. Sony, pola súa banda, preferiu resucitar a vella marca Walkman para usala en reprodutores de audio, e tamén nunha liña de terminais de telefonía móbil que ameazan con triunfar de acadar unha boa aceptación por parte do público e das operadores de telefonía. Así, os móbiles Sony Walkman incorporan as prestacións típicas nos móbiles de alta gama e reproducen ficheiros

MP3 e AAC, pero destacan fronte a outros terminais por permitir o uso de tarxetas de memoria de xeito que, aparte da capacidade interna dos terminais, tamén se poden gardar moitas cancións en tarxetas de tamaño reducido, polo que eliminan moitas das pegas que se lles puña a estes móbiles. O último terminal deste tipo é o *W300 Walkman*, que permite a reprodución de ata 30 horas de música (polo que a autonomía da súa batería non parece un problema), presenta un atractivo deseño de cuncha, incorpora cámara dixital con resolución VGA e incluso inclúe a aplicación informática Disc2Phone, que permite pasar os CD ó móbil de xeito doado.

Temos así que o mercado comeza a dar pasos adiante neste tipo de dispositivos, aínda que fabricantes coma Nokia non aposte directamente por reprodutores de música, senón que simplemente conta con modelos de alta gama que compiten en prestacións cos antes comentados, pero que son máis semellantes a unha PDA que a un reprodutor multimedia, o que non tería por qué ser un erro, e que nos vindeiros meses permitirá contrastar o comportamento dos distintos dispositivos no mercado.


## E o vídeo?

Parece que o éxito da reprodución musical dende o móbil é só unha cuestión de tempo, pero agora que no mercado hai dispositivos de vídeo portátiles e incluso as consolas de videoxogos como a PSP permite a reprodución de películas os móbiles teñen outro novo reto por diante. ¿Poderán triunfar os móbiles neste sector? A verdade é que co deseño actual dos terminais poderíamos profetizar un fracaso rotundo na reprodución de vídeo, xa que o tamaño reducido dos móbiles fai imposible unha pantalla dun tamaño suficiente para que a visualización de máis de 2 minutos de imaxes non resulte un esforzo visual, pero en poucos anos poderíamos ter solucións que evitarían tal problema. Así, agora comezan a saír terminais con saída de televisión (ou sexa, que permitirían ver na televisión do salón tanto unha videochamada como unha película ou as fotos tomadas coa cámara do móbil) e un ruxe ruxe está a dar a entender que as pantallas dos móbiles sufriran unha revolución cando se poidan enrolar, polo que os móbiles poderían ter a típica pantalla reducida para as funcións de teléfono e contarían unha especie de pantalla externa flexible para os usos multimedia, e ,aínda que podería tardar máis tempo do desexable, este tipo de solucións poderían supor un éxito para o vídeo nos móbiles, que tamén se complementaríase coa chegada da televisión dixital mediante DVB-H, que comezará a funcionar para 2007 en España e que podería ser un atractivo que complementase os reprodutores multimedia de xeito que teríamos uns móbiles moi diferentes ós que vemos hoxe, e todo será atopar o equilibrio entre o tamaño e as prestacións. Parece inevitable que o audiovisual vai vivir toda unha revolución móbil.

# Os móbiles coma reprodutores multimedia

*Nos últimos meses os móbiles que están no mercado amosan prestacións multimedia abraiantes, de xeito que tanto empregan tons reais en vez dos típicos politóns, e comezan a reproducir ficheiros de música en formato MP3 e incluso ficheiros de vídeo MPEG-4 e 3GP, de xeito que dan un paso adiante nas prestacións multimedia de xeito que se achegan a dispositivos coma as PDA ou os reprodutores multimedia portátiles.*

*Estariamos así nunha integración absoluta dos móbiles, que procuran achegar nun mesmo dispositivo un teléfono, un reprodutor de son, un reprodutor de vídeo, unha cámara fotográfica dixital, unha cámara de vídeo, unha gravadora de voz e incluso, nalgúns casos, unha radio FM, de xeito que constituirían os Media Center móbiles máis completos, pero contarían aínda con certas desvantaxes que non os fan arrasar o mercado do resto de dispositivos competidores.*





# Chega (por fin) o DNI electrónico

O Goberno comeza a emitilo novo documento este mes de marzo, e acompaña a posta en marcha dunha campaña de promoción das súas vantaxes

*O DNI electrónico é un desenvolvemento tecnolóxico que se sitúa a medio camiño entre a tarxeta de DNI convencional, que todos levamos na carteira, e unha tarxeta de crédito. Aí, aproximadamente nun punto equidistante, atopámolo novo documento do que tanto se fala estes días nos medios de comunicación (chega oficialmente en marzo) e do que non poderemos ficar aparte, por moito que nos rebenten as novas tecnoloxías.*

*Este é un feito que ninguén pode obviar: todos teremos un DNI electrónico, usuarios de Internet e non usuarios, cidadáns que viven dentro da Sociedade da Información e cidadáns que viven fóra (algúns deles plenamente satisfeitos desta circunstancia). O DNI electrónico é un medio de transporte que nos vai carretar a todos por igual.*

A pregunta é: cara a onde?



## REDACCIÓN

Segundo persoeiros como Víctor García Hidalgo, director xeral da Policía ou Luís Jiménez, subdirector xeral adxunto do Centro Criptolóxico Nacional (CCN), vaimos levar directamente cara a nova era dixital, unha era na que o coñecemento non só está nos libros senón nos computadores en rede, na que hai canles que permiten traballar a distancia ou tramitar coas institucións de xeito non presencial. Así, as persoas que non saiban ou non queiran saber en que consiste a Internet van ter ocasión de entendela, xa que non lles quedará máis remedio que empre-



gala a fondo. García Hidalgo sostén que estamos perante un elemento dinamizador da Sociedade da Información de primeira orde: favorecerá a confianza dos cidadáns nas novas redes e no comercio electrónico. O DNI electrónico chega a partir de marzo (entra por Burgos, núcleo experimental) e, a xuízo do Goberno, todo son vantaxes. Para comezar (porque por algún punto hai que comezar), vai supor un importante aforro en fotocopias de DNIs de volantes de empadramento para efectuar xestións coas administracións. Por que non fará falla a versión en papel da nosa tarxeta identificativa? Pois porque o novo documento orixínase e desenvólvese de computador en computador, a través de redes, e todo vai ser dixital.

Primeiramente, o chip. Esta é, por dicilo así, a "alma" do nodo certificado, o espazo que acolle a nosa identidade (o chip somos nós, por así dicilo). Este elemento tecnolóxico de pequeno tamaño contén datos identificativos e de sinatura electrónica. Incorpora, polo tanto, dous tipos de información diferenciada que se empregará en dúas clases distintas de operacións. Os nosos datos persoais dixitalizados non caducan en prazo breve, mais si que será preciso actualizar e renova-la sinatura electrónica cada dous anos e medio, "por razóns de seguridade", conforme indica o Ministerio de Interior. O novo documento ten dúas chaves: unha pública e outra privada. A pública é a que vai de aquí para alá nas operacións administrativas ou comerciais a distancia. A privada non. A pública é a que nos lexítima e a segunda é que posibilita executalo proceso da sinatura electrónica. Seguimos coas vantaxes. Outra das máis importantes é que nos permitirá levar a cabo múltiples operacións administrativas ou comerciais sen saír da casa ou do traballo. O DNI electrónico apóiase nun dos principais beneficios de Internet e das novas redes do coñecemento: a comodidade. Dito doutro xeito: están de noraboa as persoas con axenda apertada que andan de aquí para alá solucionando trámites, xa que verán alixeirada a súa carga de traballo. Tamén se verán favorecidas as persoas con

dificultades para viaxar e (porque tamén as hai) as persoas ás que non só non lles gusta viaxar senón tamén todo o que supoña saír da casa ou do lugar de traballo. O DNI electrónico é unha canle para estar en liña directa coas administracións. Garantirá: a intimidade, a identidade e tamén a liberdade das persoas. Poderemos renova-lo carné de conducir ou o pasaporte, mercar, vender ou, en liñas xerais, xestionar operacións con tódalas administracións. Segundo di o Goberno, o novo documento vai permiti-la realización duns 100 tipos de servizos e o prognóstico é que, nun período moderadamente breve, se amplíe o abano até 300. O DNI electrónico entra en España por Burgos, a partir do mes de marzo. O proceso de introducción, como é de agardar, vai ser progresivo. Que ninguén espere que, da noite á mañá, se imponha unha norma específica que obrigue á cidadanía a desfacerse dos seus DNIs convencionais. A previsión é que, no ano 2008, tódolos DNIs de tódalas carteiras españolas sexan electrónicos. En Burgos abrírase a primeira oficina de expedición. Será o primeiro elo dunha cadea formada por un total de 350 centros de emisión distribuídos por todo o territorio español. Cómpre subliñar que o DNI electrónico poderase expedir ó momento. É dicir, poderemos dicir adeus, cun pouco de boa sorte, ás longas ringleiras que se formaban nas oficinas da Policía Nacional á espera de renova-lo carné (o que non se precisou é se coa nova tarxeta teremos que seguir lixando o dedo). Os centros de emisión contarán con equipos tecnolóxicos que axilizarán a tramitación e validación da sinatura, a pegada dactilar (incluírá mancha?) e a fotografía. O custo desta creación (no que participaron en Unión Temporal de Empresas as firmas: Telefónica, Indra e Software AG), ó longo dos vindeiros catro anos, será de 314 millóns de euros, dos que 219 serán aplicados ós aspectos técnicos, conténdose nestes puntos unha partida de 145 millóns para a elaboración de tarxetas criptográficas. De tódolos xeitos, que ninguén se asuste. O DNI electrónico vai ser doado no seu uso para as persoas familiarizadas co emprego das novas tecnoloxías da información, ora que para os cidadáns non acostumados a estas vaise habilitar un número de teléfono onde se

tratará de responder a unha boa parte das súas dúbidas. Este servizo estará dispoñible no 060 mais non se desbota que máis tarde se habiliten máis alternativas específicas.

## Xeran as chaves para crea-los certificados do futuro DNI electrónico

José Antonio Alonso, ministro de Interior, presidiu hai uns días o acto de xeración de chaves para o novo



Documento Nacional de Identidade Electrónica (DNI-e) co que entra en funcionamento o sistema de certificación a empregar que expirará en febreiro de 2036. Estas chaves creadas serven de raíz para a creación dos pares de certificados de cada DNI electrónico (un para a autenticación e outro como firma electrónica) e que, como xa dixemos, comezará a funcionar en fase piloto en marzo, primeiro en Burgos e logo espallándose, posteriormente, polo resto de provincias españolas.

## A Organización polo Multilingüismo segue a pedir un DNI electrónico integramente galego

A Organización polo Multilingüismo segue a requirir un DNI en tódalas linguas do territorio español, incluída (por suposto) a galega. O motivo desta petición, di esta entidade, é reflecti-la realidade multilingüe de España, un país cunha variedade de culturas que non se pode deixar de lado. Subliñar que o novo documento de identidade comezará a distribuírse o mes de abril, e estará elaborado polo Goberno español a través de moi distintos departamentos. Segundo a devandita organización, un DNI en tódalas linguas de España permitiría visualizar, no propio país e tamén no estranxeiro, "unha realidade que o Comité de Ministros do Consello de Europa constata que é descoñecida para a maioría da poboación castelán falante das comunidades onde o castelán é a única lingua oficial", sostén. A Organización polo Multilingüismo aproveita na súa web para tentar concienciar á poboación sobre a importancia dos idiomas minoritarios, proceso que, ó seu xuízo, están a obvia-los medios informativos españois.



## A expedición costará 6,60 euros

O DNI electrónico chega a España este mes de marzo. E faino vía Burgos (a provincia onde comeza a implantación nunha semifase de proba), e xa se sabe que nos vai custar a expedición do novo documento: 6,60 euros. Así o fixo saber no Senado a subsecretaria do Ministerio do Interior, Soledad López, quen sinalou que o prezo refírese a unha primeira fase de afianzamento, e que a taxa servirá para recuperar en parte o orzamento total do proxecto, que foi de 313 millóns de euros, cunha boa porcentaxe adicada a custear tarxetas criptográficas. O prazo previsto para a implantación progresiva (por CCAA) é de dous anos. Amais, Soledad López fixo referencia ó feito de que a expedición do novo DNI resolverase cunha única visita do cidadán os centros de emisión.

## O DNI electrónico xa ten web de seu

A Dirección Xeral da Policía lanzará unha campaña de información cidadá para explicar as utilidades do novo Documento Nacional de Identidade electrónico, así coma do xeito de obtención, de uso e, especialmente, das súas vantaxes. Asemade estrearon unha páxina web (<http://www.dnielectronico.es/>) para achegar toda a información ó respecto do DNI Electrónico, que complementará outras iniciativas como a publicación dun folleto explicativo e anuncios en distintos medios, contando para tal campaña cun presuposto de 50 millóns de euros ata 2008. O primeiro DNI electrónico expedirase durante o mes de marzo na comisaría provincial de Burgos.



Moitos tipos de persoas teñen cabida nunha feira como Expoenter.

As cousas teñen mudado moito, dende aquela época, arredor de 1995, na que o número de webs rexistradas en Galiza non era maior có dos días que ten a semana. O club da Sociedade do Coñecemento era, daquela, un círculo de amizades de dimensións reducidas, unha leve vangarda de internautas á que nunca se lle ocorrería reunirse nun recinto feiral de grandes dimensións. Os seus encontros poderían ser: arredor da mesa dunha cafetaría, no salón de actos dunha empresa ou nos vestíbulos do hotel dunha cidade situada a medio camiño entre todos eles, os internautas. Agora, espazos coma Expourense son o medio natural das xuntanzas tecnolóxicas. Expoenter é un exemplo disto, un ecosistema moi variado de profesionais e usuarios das novas tecnoloxías que adianta, para 2006, as súas datas de celebración ós dous últimos días de marzo e o primeiro de abril. O seu nome oficial abrangue un mundo, e máis: Salón Multimedia e das Telecomunicacións.

### Expoenter define a sociedade enteira

Mais, exactamente, quen ten cabida nunha feira como Expoenter? En primeiro lugar, os profesionais, sexan galegos ou do resto da Península. Xefes de empresa, directores ou empregados, estean dentro do tecido empresarial tecnolóxico ou ben fóra: en iniciativas que non teñen nada que ver *a priori* coa Sociedade do Coñecemento pro ás que non lles queda máis remedio que apoiarse nela, se é que queren ser competitivas e rendibles nun mundo que xira máis rápido do que semella a primeira vista. Expoenter está feita, polo tanto, para os profesionais, ora que tamén para os simples usuarios ou os afeccionados ás tecnoloxías. O internauta mozo interesado en abrirse un camiño laboral no sector da innovación. O estudante universitario que está a piques de converterse en xefe da súa propia empresa e precisa coñecer de primeira man cal vai se-lo terreo que pisará o día de mañá. O profesor que entende que a educación de hoxe en día pasa por dar a coñecer a longa listaxe de recursos dispoñibles en Internet. O xubilado que hai tempo que oe falar das novas redes de información e anda na procura de axuda e consello. O motivo? Ben podería ser o seguinte: porque de entre tódalas dúbidas que se lle presentaron ó longo do viero apareceulle, se cadra, unha certeza: que as novas tecnoloxías pódennlle axudar a establecer contacto con familiares ou amigos cos que hai moito tempo que non se comunica.

As opcións e as posibilidades son tan longas como se poida imaxinar.

A vantaxe de Expoenter é que une

moi diferentes tipos de persoas: xuntar baixo un mesmo teito a usuarios de novas ferramentas do coñecemento é resumi-lo mundo.

### Diálogo para facernos fortes no mercado

Ademais, tratándose como se trata dun salón do novidoso, Expoenter quere converterse en espazo de intercambio de ideas e pareceres para o sector internacional das novas tecnoloxías. Deste xeito, preténdese establecer unha liña de comunicación sólida dende Galiza co mundo, sentando na mesa do diálogo a un sector que está a loitar por facerse forte no mercado, o galego. A esta engrenaxe de corporacións vanlle poñer voz algúns dos grandes representantes do noso panorama empresarial, participando a maiores: a Escola Superior de Informática de Ourense (que colabora sobre todo nas xornadas técnicas), o Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole) e as diferentes direccións xerais de Xunta que teñen competencia no eido tecnolóxico. Cómpre sinalar que o sector das telecomunicacións tamén estará representando polos principais operadores do mercado.

### Certames dentro dun certame

Expoenter non vén soa. Alomenos, non vén coma unha peza única. Así, durante a feira celebraranse outros eventos relacionados co sector multimedia, das telecomunicacións e da informática. Como a sétima edición do Concurso de Proxectos Tecnolóxicos, “no que os universitarios exporán os seus traballos vencellados ás necesidades empresariais do sector”. Tamén se organizarán, un ano máis, as Xornadas Técnicas Expoenter, para empresarios e profesionais e para o público en xeral, que permitirán actualizarse en temas punteiros da Sociedade do Coñecemento.

### Os obxectivos

Como resumo, incluímos os principais obxectivos de Expoenter:

- Presenta-las últimas novidades tecnolóxicas a empresarios e particulares
- Fomenta-lo achegamento ó gran público das ferramentas de telecomunicacións que se teñen feito imprescindibles na vida cotiá.

### Os asuntos dos que escoitarás falar

Falar da tecnoloxía é falar de tódolos aspectos da vida. Amosala nun conxunto de *stands* é resumi-lo que nos depara o futuro, no fogar ou no traballo. Expoenter, segundo nos fixo saber a organización, “trata de ofrecer unha magnífica oportunidade para satisfacer a demanda de información sobre as últimas novidades”. Sexas usuario, xefe de empresa ou (por que non?) as dúas cousas. Estes



son os asuntos que che interesan:

- Hardware
- Software
- Aplicacións e servizo multimedia
- Telecomunicacións
- Videoconferencias
- Impresión dixital
- Reprografía
- Teletraballo
- Operadores
- Aplicacións de deseño
- Comercio electrónico
- Electrónica
- Provedores de Internet
- Deseño web
- Mantemento de sistemas
- Telefonía móbil e fixa
- Bases de datos
- Cinema doméstico
- Son e imaxe

### Breve historia dun recinto exemplar

Expoenter é, dalgún xeito, unha das moitas facianas que adopta Expourense ó longo do ano. O primeiro non existiría sen o segundo, tanto dende o punto de vista dos intanxibles (organización, espírito, compromiso, obxectivos), coma dende o punto de vista do escenario físico. Expourense é a maneira de chegar a Expoenter. No eido físico, é preciso lembrar que este espazo feiral ten as súas portas abertas dende 1996. Ó longo do ano acolle numerosas feiras, cada unha abordando un sector distinto, cada unha tratando de atrae-lo máis sobranceiro e as últimas novidades de cada sector. O recinto naceu con vontade de ser dinámico, e de satisfacer tamén as demandas daqueles colectivos que queiran amosa-lo mellor de si mesmos a outros colectivos en congresos, feiras ou outro tipo de xuntanzas.

## Expoenter resume un mundo

O Salón Multimedia e das Telecomunicacións que organiza o recinto Expourense celébrase este ano entre o 30 de marzo e o 1 de abril

# “En Expoenter ten cabida todo o que queira innovar e aprender”

**Alejandro Rubín, director de Expourense, achéganos unha serie de motivos razoables para estar en Expoenter e non en calquera outro lugar**

*Chega este ano Expoenter anticipando coñecemento, poñendo antes as respostas ás preguntas, celebrándose antes do previsto porque así o quixeron os que participan no salón. Este inicio da primavera (o inicio do inicio) é unha boa época para presentar proxectos, dinos Alejandro Rubín, director de Expourense, entidade organizadora do encontro. Ó seu xuízo, estamos a piques de chegar a ese intre en que todo o mundo semella estar dispoñible para falar e escoitar, tanto nas empresas como na comunidade universitaria como nas administracións públicas. Este ano, sinala Rubín, Expoenter será un salón máis mixto cá nunca. A fin de contas, esta sociedade do dixital na que vivimos debería se-lo máis integradora posible. Coma unha feira do mundo, Expoenter ben podería funcionar tamén coma un modelo a imitar pola realidade.*

## REDACCIÓN

**-Que é aquilo que lle dá vida á feira Expoenter? Onde está o que a fixo posible?**

-A súa orixe está na confluencia de tres factores. Tres axentes que constitúen o seu eixe. Por unha banda, a Escola Superior de Informática e o Parque Tecnolóxico de Galicia, que teñen a súa sede en Ourense. E, pola outra, a Cámara de Comercio desta cidade, que ten un viveiro onde aposta fortemente pola innovación. A actividade destes axentes e o feito de que coincidan nunha mesma cidade son razóns de peso para a celebración desta feira, que xa vai pola sétima edición.

**-Por que Expoenter se celebra agora entre marzo e abril?**

-Por varios motivos. Primeiro, pola propia configuración do calendario de actividades de Expoenter. Amais, as datas nas que celebramos anteriores edicións, xusto antes do Nadal, eran moi complicadas para a comunidade universitaria. E tamén porque foron os propios



expositores os que, na súa maioría, o quixeron así. Fixemos enquisas entre eles e os visitantes en xeral e procuramos ter en conta as súas peticións, non só no que atinxe ás datas. Esta é unha boa época para presentar proxectos.

**-Dicimos na reportaxe sobre Expoenter, que incluímos neste número, que un salón coma este serve para atraer a moitos tipos de persoas. Que é un salón integrador. Ou sexa, que facer unha feira sobre telecomunicacións e informática é coma facer unha feira sobre o mundo no que vivimos. É Expoenter un encontro para todos?**

-Este é un salón mixto. Nós sempre insistimos neste tema. Queremos atraer ó público en xeral, e ós profesionais da informática e as telecomunicacións. Mesmo facemos coincidir Expoenter con outros salóns para incentivar, na medida do posible, a súa asistencia. Este ano, a feira coincide con outra de prevención de riscos laborais e con Forumensino, unha xuntanza sobre a formación que comparte moitos contidos con Expoenter. É dicir: é perfectamente posible que se vas a Forumensino queiras ir a Expoenter. E viceversa.

**-Que pasa coas novas tecnoloxías? Non interesan por si soas?**

-Vós, en Código Cero, sabedes tan ben coma nós que hai certo

perigo de non mobilizar a todo o público que se desexa mobilizar. Neste senso, cremos que levamos anos dando no cravo. O noso éxito baséase en que cubrimos moitas fronte e acadamos así unha implicación.

**-Facemos agora unha ponte coa terceira pregunta desta entrevista. Dito doutro xeito: recuamos. Quen ten cabida en Expoenter?**

-Cabida ten todo o que teña algo que achegar en informática e telecomunicacións. Todo o que queira innovar. Todo o que teña algunha idea. Todo o que queira aprender. Falo de público en xeral, empresas, administracións e asociacións.

**-Dámoslle a volta á pregunta anterior. É posible hoxe en día vivir na sociedade e non facer uso das tecnoloxías da información? A onde nos levaría iso?**

-Non é posible, e o feito de vivir de costas a elas non nos levaría a ningures porque xa non hai camiño que percorrer. Xa non hai debate. Penso de verdade, que os que temos algunha responsabilidade na difusión estamos na obriga de achegar coñecementos tecnolóxicos. Para comunicar non hai máis remedio que estar na informática e nas redes. Expourense asume, dende hai tempo, este encargo e ponse mans á obra. Esa é a nosa contribución.

**-En que medida poden as novas ferramentas da comunicación mellora-lo día a día das empresas en xeral (non só do sector tecnolóxico e das telecomunicacións)?**

-Son indispensables. Non se pode competir sen elas. Estamos obrigados a informar sobre isto e incluso a melloralas. Hai que favorecer á xente que investiga e que presenta cousas. Tódolos empresarios, sexan do sector que sexan, están caendo na conta disto, porque a seguinte xeración estallo a repetir tódolos días. As novas tecnoloxías son fundamentais para: a imaxe, o marketing, a publicidade, a venda e a xestión.

**-Expoenter, polo que podemos deducir, ten a ambición de ser un informe de tendencias. Algo así coma un parte noticioso da Sociedade do Coñecemento. É certo isto? Pode servirnos este salón para saber qué tecnoloxía adquirir e como sacarlle rendemento?**

-Efectivamente, Expoenter pretende conecta-lo complexo mundo das tecnoloxías co gran público, orientando e formando no seu emprego. Entre os expositores da feira podedes atopar a aqueles axentes que presentan as últimas tendencias en: aplicacións audiovisuais, domótica ou de telecomunicacións, usadas na vida cotiá para todo tipo de clientes, e, por outra banda, expositores que ofrecen solucións especializadas e aplicadas a distintas necesidades empresariais.

**-Que papel xoga o visitante de Expoenter? É dicir: como lle gustaría á organización desta feira que se comportasen os asistentes?**

-Ó tratarse dun Salón Multimedia e de Telecomunicacións, require certa implicación por parte do visitante, xa que se trata dun salón interactivo, no que hai áreas que convidan a participar coñecendo novos usos da tecnoloxía. As actividades tamén van encamiñadas







á intervención do público, como as Xornadas Técnicas. O visitante pode toma-lo salón desde un punto de vista profesional, coñecendo ás últimas novidades e correntes do mercado que pode implantar no seu entorno laboral ou empresa, e tamén desde un punto de vista lúdico e do lecer.

#### **-Que papel xogan os mozos e mozas na feira?**

-Expoenter segue a ser unha feira da mocidade. Sempre hai algo no salón no que están directamente implicados. Os mozos e mozas son os embaixadores desta Sociedade da Información. Cando esta entra no fogar, faino a través das mans dos máis novos. Eles e elas van encher tódolos ocos que poida haber no proceso de afianzamento tecnolóxico. Por iso, acompañamos esta feira doutras que tamén son do seu interese, como é o caso de Forumensino. E o ano pasado tivemos Megaxove. A mocidade galega é unha das nosas principais razóns de ser.

#### **-Que lles teñen reservado en Expoenter ós mozos galegos?**

-Unha das iniciativas principais para eles é o Concurso de Proxectos Tecnolóxicos. É un certame para licenciados, busca recoñece-los proxectos con meirande vocación empresarial e innovadora. Con el, alentamos, ós mozos e mozas que

obtiveron o título universitario, a traballar cunha mentalidade o máis semellante posible á das empresas. A estas, pola súa parte, animámolas a dirixir máis o ollar cara os proxectos da mocidade. Con este certame queremos patrocina-lo espírito emprendedor. En ámbalas partes.

#### **-En que medida favorece á cidade de Ourense esta xuntanza tecnolóxica? E en que medida beneficia a Galiza?**

-Expoenter posiciona a Ourense como provincia na que conflúen unha serie de axentes tecnolóxicos que motivan a existencia do salón, axentes dos que xa falei ó comezo desta entrevista, e que son: a Escola Superior de Enxeñería Informática, o Parque Tecnolóxico de Galicia e a Cámara de Comercio de Ourense. As tres entidades superan o entorno provincial, e o salón integra a realidade galega ó contar coa presenza das grandes empresas, ou as institucións autonómicas que traballan nesta materia. As actividades que programamos, tanto Xornadas Técnicas como o Concurso de Proxectos Tecnolóxicos son de carácter galego, abertas á participación de estudantes de tódalas universidades de Galicia e outros interesados.

#### **-Se tivese vostede que salientar algunha actividade**

#### **dentro deste encontro, cal salientaría?**

-Hai dúas actividades que veñen acompañando ó salón desde os seus comezos e xa están consolidadas na programación do sector, como son: as Xornadas Técnicas Expoenter e o Concurso de Proxectos Tecnolóxicos. As primeiras pretenden, por unha banda, achegar a complexa realidade do sector e facela comprensible para o público en xeral. Por outra banda, van dirixidas a converterse nun foro no que debater arredor de problemáticas e temas de actualidade. Tamén buscan formar ós profesionais en tendencias e novidades.

#### **-E logo está o concurso de proxectos, non?**

-Si, e no que se refire a este certame, aberto á participación



de estudantes dos últimos cursos das universidades galegas, cómpre dicir que contempla dúas categorías: titulados superiores e técnicos en telecomunicacións como informática. Patrocinado pola Dirección Xeral de Promoción Industria e Sociedade do Coñecemento, trata de prima-la orientación empresarial e práctica dos traballos dos titulados, co obxectivo de aproxima-lo mundo universitario ó mercado laboral. Os primeiros premios acadan ós 1,250 euros para a categoría superior, e 1,000 € no caso da técnica. Este concurso conta tamén coa colaboración de grandes empresas como Telefónica ou Caixanova, e as bases pódense consultar en [www.expourense.org](http://www.expourense.org)

#### **-Agora que chegamos ó final da entrevista, gustaríanos mirar un pouco cara atrás. Como e cando xurdiu Expoenter? Que a fixo posible?**

-Expoenter, que cumpre a súa sétima edición o vindeiro mes de marzo, nace no ano 2000, en plena eclosión en Galicia do mundo das novas tecnoloxías e Internet. Co apoio decidido do Padroado de Expourense e a implicación: do Parque Tecnolóxico de Galicia, a Escola Superior de Enxeñería Informática e a Xunta de Galicia, xorde co compromiso de democratizar e universaliza-lo emprego das novas tecnoloxías, servindo como punto de reunión do sector profesional co gran público. Con todo, Expoenter apostou desde a orixe pola acción da mocidade como xanela aberta, das súas familias, ás novas tecnoloxías.

## **A radiación dos teléfonos móbiles, a debate**

É o emprego intensivo dos teléfonos móbiles prexudicial para a nosa saúde ou non? É difícil obter respostas claras e definitivas ó respecto, sobre todo se temos en conta que hai moitas partes implicadas, emitindo declaracións dende diferentes puntos de vista (operadoras, científicos, empresas que compiten coas operadoras dende Internet, etc). Expoenter non quere deixar pasala ocasión de afondar en temas tecnolóxicos de actualidade coma este, contando como conta, durante varios días, coa presenza dunha boa parte dos persoeiros deste sector en Galiza. Este coñecemento canalizarase nas Xornadas Técnicas, onde se profundará nos efectos das radiacións vencelladas ás comunicacións móbiles, explicando os seus efectos tanto dende o punto de vista técnico, como dende o sanitario. No entanto, e aproveitando o foro sobre prevención que se organiza de xeito paralelo en Expourense, presentaranse ferramentas tecnolóxicas aplicadas ó eido da paliación de riscos e a seguridade laboral. Tamén se reservará unha importante parte do programa das xornadas (organizadas pola Escola de Enxeñería Informática da Universidade de Vigo) a analiza-las novidades do ámbito do audiovisual multimedia, *“debido ó peso que ten no sector e ó interese que esperta no público novo”*.

## **Forumensino: o escaparate do sector educativo galego**

Se che interesa Expoenter, é moi posible que che interese Forumensino. Os dous salóns coinciden en tempo (do 30 de marzo ó 1 de abril) e en escenario (Expourense) e isto non é froito da casualidade. Faise así para incentiva-la/estimula-la asistencia dos visitantes, sobre todo no que se refire a Expoenter, xa que as novas tecnoloxías da información son, coma se di na súa definición: novas, e aínda hai galegos e galegas que recean delas. O salón Forumensino, que comparte unha boa parte do seu alicerce con Expoenter (os mozos que estudan empregan a cotío as novas ferramentas da información), xira arredor: do ensino, a cultura e o deporte, e chega á súa sétima edición. A súa finalidade é: orientar e informar. Segundo sinala Expourense, o salón *“será un punto de referencia para tódolos membros da comunidade educativa, e un escaparate para que as empresas que subministran ó sector educativo presenten os seus produtos”*.

# De ferramentas lingüísticas pola Rede

Facemos un repaso por todo aquilo que hai en Internet que nos axuda a traducir textos ó galego e do galego a outras linguas

*Se alguén anda na procura de axuda lingüística, de axuda da boa, pensará que na Rede todo ten solución, e en certa medida tena, mais mello-rable. Neste pequeno artigo achegáremonos a algunhas das páxinas que atopamos por internet, ligazóns que serven de axuda para acada-la comprensión da nosa lingua, a galega, que cruza o milenio.*

SONIA PENA

De entre as case cinco mil linguas que se falan no planeta, o galego pertence ao privilexiado e pequeno grupo (apenas un cinco por cento) das que aparecen instaladas nos diferentes eidos da nosa cultura (uso social, alfabetización, presenza nos medios de comunicación e nas novas tecnoloxías...). A lingua é unha das principais marcas de identidade colectiva, herdada dos nosos avós e pais, e que se quere transmitir a vindeiras xeracións. Para isto cómpre ter un bo dominio dela, en moitos casos non é posible, é entón cando hai que botar man de axuda. Neste caso concreto que nos ocupa, botarémola da Internet. Pois ben, na Rede ofrécense unha serie de ferramentas que abranguen: dicionarios, tradutores, vocabularios... que tentan suplir as deficiencias lingüísticas do usuario. Iremos sometendo a análise, os diferentes sites que visitamos.

<http://www.edu.xunta.es/dicionarios/index.html>

Comezamos pola páxina que a Xunta de Galiza, en concreto a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, pon á nosa disposición. Trátase dun dobre dicionario, dobre porque, dentro da mesma web, aparece o *Diccionario da Real Academia Galega*, e

tamén un *Diccionario de pedagogía*. Centrarémonos no primeiro. Este dicionario límitase a un estudo léxico-gramatical da palabra. Deixa de lado a parte etimolóxica da lingua, a súa orixe, tan importante para o entendemento da mesma; esquecese tamén do apartado fonético, imprescindible para a correcta pronuncia dun termo.

En canto á presentación, ao entrarmos nesta páxina percíbese unha sensación de orde e sinxeleza, case minimalista (moi de agradecer): sobre un fondo verde atopámo-lo buscador, un pequeno recadro en branco no que introducirémo-lo termo a buscar. Se ollamos a parte inferior do buscador, vémo-lo abecedario a xeito de cadea, aí podemos premer directamente sobre unha letra, obteremos así a listaxe completa de entradas da mesma. Se o que procuramos é algo preciso, a mellor opción e introduci-lo termo en cuestión no recadro do buscador, pulsado o botón de busca, aparecerá perante os nosos ollos o resultado da pesquisa: a entrada ou *lema*, en negriña, seguida da categoría gramatical (o tipo de palabra e o xénero); a continuación a definición (no suposto de que haxa máis dunha acepción, estas aparecerán numeradas); e, en cursiva, despois da definición, poden ofrecernos exemplos para ilustralas; por último, e tamén en negriña, preséntanse, ás veces: frases feitas, locucións... Este Diccionario da RAG é un dos máis completos, en canto a entradas, que achamos na Rede, o único paradoxal que cabe salientarse é que, sendo obra da propia RAG, non esté actualizado segundo a normativa de Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobada polo Instituto da Lingua Galega (ILG) e a mesma Real Academia Galega o 12 de xullo de 2003.

<http://www.sli.uvigo.es/tradutor/>

De seguido, tratámo-lo proxecto do Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo en colaboración co Grupo d'investigación Transducens da Universitat d'Alacant, levado a cabo en 2005. Este é un tradutor bilingüe (español-galego/galego-español). O espazo que nos amosa este site está dividido en tres táboas moi coidadas, a cor predominante é a branca mesturada, en pequenas marxes, coa marrón. A primeira táboa é a de *Tradución de texto*, que se subdivide, á súa vez, en diferentes apartados, un deles é o de *Dirección de tradución*, aquí especificaremos se queremos traducir de español a galego ou viceversa. O seguinte apartado é o de *Marcar palabras descoñecidas*, aquí vemos un recadriño no que podemos pinchar para verificar se hai algunha palabra no texto que o propio buscador descoñeza. Logo está o cadro no que escribiremo-lo texto a traducir. E por último, o *Resultado*, outro cadro no que nos aparecerá o texto xa traducido. A segunda táboa desta páxina é a de *Tradución de ficheiros*, esta opción permítenos traducir os nosos propios ficheiros. Nesta táboa achamos as

seguintes seccións: *Dirección de tradución* (coa mesma función cá anterior); *Tipo de documento*, aquí precisaremos se o documento a traducir consta só de texto, é *htm* ou *rtf*; *Nome do ficheiro*, con esta opción extraerémo-lo documento directamente do noso computador; o último apartado é o de *Marcar palabras descoñecidas* (igual cá na táboa anterior).

A terceira e derradeira táboa é a de *Navegar pola web con tradución*, con esta función poderemos traducir unha páxina íntegra da internet. Consta de tres apartados: *Dirección de tradución* (galego-español ou á inversa); *Enderezo da páxina web* a traducir e *Marcar palabras descoñecidas*. Na marxe lateral esquerda do site vemos outras seccións como: *Máis información* (acerca da páxina e de Apertium); *Descargas*; e a máis interesante, *Máis Apertium*, nesta sección temos a posibilidade de realizar máis traducións (nas mesmas condicións que as xa citadas) doutras linguas: portugués e catalá. A funcionalidade desta páxina é evidente, só que se a levamos á práctica, vemos que o resultado non é cen por cen satisfactorio, pois se introducimos un texto algo extenso, a tradución obtida é unha combinación de galego e castelán, o coñecido como castrapo. Este tradutor resulta máis eficaz se o empregamos para termos precisos, e de xeito illado, que para un texto en conxunto.

<http://www.galego.org/vocabulario.html>

Chégalle a quenda ó vocabulario, ese aspecto tan sobranceiro dentro da lingua. Visitamos unha pequena páxina vencellada a Vieiros, pioneiro da Internet galega, esta páxina é só unha escolla do amplo vocabulario que posúe o noso idioma. Preséntanos como: *Pequeno vocabulario galego-inglés-castelán*, e iso é o que é, sen necesidade de engadir máis. Prevalece, en todo o fondo da pantalla, a cor branca con pequenos trazos azuis, semella evoca-la bandeira de Galiza. Esta selección lexicográfica preséntase en tres columnas, na primeira aparece o termo en galego, a continuación o seu equivalente en inglés e, por último en castelán, todo disposto en orde alfabética, por suposto. O mesmo nome da páxina (*Pequeno vocabulario...*) xa nos prevé de que a nosa dúbida pode quedar sen resolver, outra cousa que chama a atención é o feito de non podermos acceder ó significado da palabra. Só se nos amosan as diferentes versións dunha mesma voz, iso si, en tres idiomas diferentes. É pois, unha páxina de consulta de significantes, os significados deberemos buscalos noutro sitio.



<http://www.crtvg.es/adicc/priortadaeleccion.htm>

Por último, abriremos outro dicionario, esta vez o da CRTVG. Atopámonos xa na páxina da canle galega, asolagada de azul e: u-lo dicionario? Na marxe lateral esquerda verémolo, alí daremos un click e *voilà*: coma si se tratase dun teclado numérico de teléfono, aparece un teclado co alfabeto para a nosa procura. De xeito máis directo podemos comezar a nosa indagación, para iso temos un espazo (tamén azul) no que nos ordenan escribir unha palabra, se o facemos e temos a sorte de que estea dentro das máis de 7.200 entradas das que dispoñen, abrírase unha xanela na parte dereita da páxina. Nesta xanela observámola entrada ou *lema* que buscabamos en cor branca, á súa dereita, a categoría gramatical (o tipo de palabra mailo xénero), a continuación a definición (se dispón de máis dunha acepción, aparecerán numeradas); nalgun caso proporcionan tamén frases feitas, locucións... estas virán remarcadas en cor vermella coa súa conseguinte explicación. Como extra adoitan engadir, á nosa busca, termos pertencentes á familia léxica da palabra.

No mesmo site hai espazo para recomendacións doutras páxinas, remítenos ás mesmas no apartado de *Outros recursos*, alí atoparemos ligazóns de webs de interese (Diccionario da RAG, Corpus de Refencia do Galego Actual, Tesouro Automatizado da Lingua Galega, Dicionario de termos literarios, Observatorio de Neoloxía, Terminoloxía Galega). Este dicionario só comprende a parte léxico-gramatical da palabra, non ten en conta a parte fonética e a etimolóxica.

Chegamos así á fin desta viaxe polas ferramentas da Rede, quedaron moitas cousas que dicir e máis páxinas por descubrir. Se cadra, aínda non chegou a hora de desfacer nos deses grosos volumes, cheos de po, que habitan nas nosas librerías.








## Pensas no medio natural? Pensa no aforro enerxético

- Elixe lámpadas de baixo consumo
- Usa a calefacción cando sexa realmente necesaria
- Merca aparellos enerxéticamente eficientes
- Apaga os electrodomésticos correctamente
- Utiliza transporte colectivo
- Na túa empresa utiliza tecnoloxía eficiente





# Os virus do mañá serán máis silandeiros e terán vía libre nos móbiles

**A empresa de seguridade informática McAfee achega claves en Santiago para evitar que os ataques nos collan coa garda baixa**

## REDACCIÓN

Os virus evolucionan connosco, e case nin nos decatamos. Non é o mesmo un virus de hai tres anos cá un de hai dous segundos, un deses andazos informáticos que rondan a túa “casa” e entran sen chamar. Esta é, de feito, unha das principais características dos virus de hoxe, a súa invisibilidade. E a tendencia é a que non o rastrexen nin a persoa que ós trouxo ó mundo. Os virus tradicionais eran, sobre todo, vermes cunha alta capacidade de espallamento, doadamente localizables e cunha vontade clarísima de ser o máis molestos posibles. Eran coma ese coñecido pesado que se sube nas túas costas e méteche o dedo no ollo. Os de hoxe tamén che queren fastidiar, mais coa diferenza de que terás que pagar por iso. A súa maldade é, polo tanto, dobre, xa que están feitos para levarlle os teus cartos ós seus desenvolvedores. Ademais, son silandeiros, e entran por onde menos o esperas, como as redes de intercambio de ficheiros P2P, os servi-

zos de ftp de carga e descarga de arquivos, o correo electrónico ou os servizos messenger. Non vale xa que o usuario sexa cauto. Unha simple navegación, non menos inocente cá calquera outra, pode abrirlle a porta do computador a un troiano que rexistre os nosos datos persoais (phishing) ou ben que axexe os nosos movementos en Internet (spyware).

O panorama non é malo de todo, sempre que usen ferramentas coma curtalumes, fáganse copias de seguridade dos arquivos máis importantes ou se instale algún programa antivirus efectivo. O panorama non é cen por cen negativo, pero si que é preocupante. Sobre todo se contestamos correos sospeitosos ou lle damos os nosos datos bancarios a entidades financeiras que nolo pidan, cando isto está totalmente prohibido.

Os virus evolucionan coa tecnoloxía, a fin de contas “viven” nela, por e para ela. Os seus desenvolvedores tamén medraron, e agora semella que xa non lles diverte moito o feito de amolar. Agora queren gañar cartos, e as súas armas son cada vez de tipo máis sofisticado. Calquera día recibiremos un correo de phishing sen faltas de ortografía: un deses e-mails que supostamente proveñen de entidades financeiras que, coa escusa dunha renovación interna da súa base de datos, solicitan datos persoais como o número das nosas tarxetas de crédito. Segundo indica McAfee, a tendencia é a que se nos intente roubar con máis frecuencia a nosa identidade, a través do uso de spyware e ladróns de contrasinais. O fabricante de antivirus prevé tamén un aumento dos troianos distribuídos pola Rede e que converten a un computador infectado nunha web de fraude para logo xerar correo lixo, co fin de que outros usuarios se dirixan a ese equipo/sitio infectado.

Imos agora cos teléfonos móbiles. Uns aparellos tecnolóxicos que

levamos case todos no peto da chaqueta ou no bolso e que non están protexidos de case ningunha maneira contra andazos víricos. Teñen varias características, polo tanto, que os fan apetecibles para os desenvolvedores de ameazas informáticas: son moitos e son vulnerables. A xuízo de fabricantes de antivirus como McAfee, non vai tardar o intre en que ollemos todos cara os terminais con preocupación, agora que teñen un Talón de Aquiles precisamente na mellora das súas capacidades e son quen de funcionar con sistemas operativos propios dos equipos informáticos. McAfee estima que o dano causado por este malware para móbiles será máis amplo có desencadeado polas ameazas que hoxe en día entran nos computadores persoais. Por que se dá este fenómeno? Moi sinxelo: porque ninguén protexe o móbil. “Unha ameaza móbil enfocada a varios sistemas operativos pode infectar de xeito simultáneo ata a 200 millóns de terminais intelixentes conectados, xa que a meirande parte destes dispositivos non contan con protección algunha”, sostén.

## A seguridade das empresas comeza na formación dos empregados

Que facer se a nosa empresa é atacada alí onde máis lle doe, na información? Que medidas tomar? Por onde hai que comezar? Para responder a estas e outras preguntas APD Noroeste organizou hai uns días, no Hotel Porta de Camiño, unha xornada sobre: *Como xestionar a seguridade tecnolóxica dende a dirección da empresa*. Respostas ás preguntas coas que abrimos este texto houbo varias, e de natureza diferente, mais onde se rexistrou unanimidade foi no seguinte: os programadores de ataques informáticos son bos no seu “traballo”, mellores cá moitos outros que non traballan nese “lado escuro” da tecnoloxía, e é fundamental estar protexido e

actualizar a cotío esa protección.

Así e todo, de pouco serve adquirir ferramentas de seguridade se, previamente, non hai un labor de información entre os empregados da empresa (que correo electrónico é o que non poden abrir? En que bases de datos non debería esta-lo seu enderezo? etc). O director da canle de McAfee, Ricardo Ruiz, foi un dos que máis defendeu a necesidade de formar ós traballadores. Ruiz, quen compartiu mesa (e boa parte do ideario) con Luís Martín, director comercial de S21sec, relembroulle ós asistentes que, a través dos sistemas da súa empresa compróbase, cada mes, que ós virus e ataques que existen de base, dende o mes anterior, cómpre sumarilles un mesmo número de virus e ataques.

Sempre a máis, nunca diminuíndo. Así é a historia breve das infeccións e ameazas informáticas, buscando sempre o éxito a través dos nosos erros, os dos usuarios. Por exemplo: como abrimos tódolos correos electrónicos que temos na bandexa de entrada. Hai sitios onde non debemos entrar, e esta mensaxe hai que transmitila ós traballadores que estean en rede. “Se imos poñer en marcha medidas de seguridade, temos que dicir que está moi ben investir cartos en medidas de cara ó que vén do exterior, mais iso serve de pouco se logo non hai prevención contra os ataques ou os erros que veñan do interior”, dixo Ruiz. O sector das ameazas informáticas evoluciona rapidamente, igual ca todo o sector tecnolóxico, que é a súa razón de ser e o seu obxectivo. “A xente que programa ataques é moi boa no seu traballo”, comentaron Ruiz e Martín, e fabrican ferramentas que controlan PCs a distancia ou rexistran pulsacións nos teclados do PC.

Ó longo da xornada organizada por APD en Santiago tamén se fixo fincapé na cada vez maior profesionalización dos programadores de malware. Os ataques de xeito conxunto, en equipo, son causa e consecuencia disto. “Somos máis vulnerables a medida que estamos máis expostos, queirámolo ou non, cada día imos estar aínda máis expostos”, dixo Ruiz. Neste eido, Luís Martín tamén tivo cousas interesantes que engadir: “O concepto de ataque tense ido profesionalizando ó longo destes anos. Ao principio foi presunción e ego. Agora é negocio, e as ameazas teñen un obxectivo xeopolítico claro”. Dito doutro xeito: fanse virus porque hai cartos detrás deles. Cal é a tendencia a este respecto? A tendencia é a medrar, a sacarlle máis rendemento a este novo mercado lucrativo. Conclusión: a empresa que non adopte certas medidas de seguridade e/ou prevención corre o risco de abrir un día as súas portas para descubrir que alí onde había información, nos computadores, hai agora desmemoria.



## A información que dá calambre (a fin do PLC)

Hai tecnoloxía que se queda a medio camiño de todo, coma un río que se seca antes de chegar a augas mansas. A tecnoloxía PLC (en inglés, Powerline Communications), aquela que prometía levar Internet ós nosos lares a través da rede eléctrica e os enchufes, foi case coma unha fantochada. Un patalexo. Unha promesa incumplida. Unha picada na autoestrada. Segue a existir, mais a niveis tan baixos que calquera nova que xurda sobre este tema nunca encherá máis dunha columna na sección tecnolóxica dos xornais... ou na sección de necrolóxicas. A PLC non encaixou, e todo o que se escribiu dende esta revista sobre o tema (horas de esforzo e recompilación intensiva de datos), hai aproximadamente dous anos, foi como facer mil quilómetros do Camiño de Santiago e recuar na Lavacolla. A tecnoloxía PLC contou co apoio da Comisión Nacional de Enerxía (CNE) e coa aceptación dos clientes que puideron desfrutar dela en Zaragoza ou Madrid. Ora que, mesmo no intre en que máis se falaba dela, no momento en que máis se loaban as vantaxes (para Galiza ben puido ser ideal polo deficiente da infraestrutura de rede telefónica no rural), chegaronse a escoitar críticas que afrontaban estes beneficios para a sociedade de brazos cruzados e unha cella ergueita. Foron estas voces as que sementaron as dúbidas: por que, se todo son vantaxes, non se comercializa masivamente? Por que se deixou de implantar en Alemaña e Francia? Por que os radioaficionados de todo o mundo foron tan críticos con esta tecnoloxía?

A resposta a esta última pregunta é a seguinte: porque Internet, na rede eléctrica, fai ruído. Tan sinxelo coma iso. A Rede neste cableado transgrede a banda de onda curta (3 a 30 Mhz), e a instauración masiva desta tecnoloxía alteraría a operatividade daquela no eido internacional, que adoita a ser empregada para as comunicacións: marítimas, aeronáuticas, militares e tamén para investigacións científicas. Xa o dixemos hai meses en Código Cero, que o resultado de converter un cable eléctrico escasamente illado en canle de telecomunicacións é este: interferencias (cables que funcionan coma antenas). Asemade, tamén está o caso dos defensores a ultranza desta tecnoloxía. Que cara se lle queda a un mestre de universidade cando logo de prognosticar en público que Internet virá xa polos enchufes descobre que estes seguirán "alimentando": tostadoras, teles e vídeos? (Foi o caso de Miguel Fernando Bataller, catedrático de Comunicacións na Universidade Politécnica de Valencia). Outro destes defensores acérrimos foi Iberdrola, e tamén outras eléctricas como Endesa (Unión Fenosa

nunca chegou a confiar de cheo nesta tecnoloxía). Malia todo, agora xa sabemos que Endesa abandona definitivamente o servizo de acceso á Internet a través de PLC nas grandes cidades, aínda que seguirá dando servizo a Puerto Real (Cádiz) a través de Epresa. O motivo da baixa? É posible que radique no feito de que xa non ten participación en Auna (que achegaba PLC en Zaragoza a 2.000 familias) e tamén no pouco interese amosado por este operador.

Polo tanto, podemos dicir agora o que non dixemos hai dous anos, cando nos chamaba tanto a atención que algo, como a información, puidese entrar na casa polo mesmo sitio cá aquilo que nos deu, nalgún intre da nosa vida, certo tipo de calambre. Podémolo dicir, daquela: adeus, PLC.

## O luxo dos telegramas (só para teimudos)

Os telegramas en España son un luxo. Custan cinco euros. Finarán, como tantas outras cousas, coas persoas que aínda os empregan, sobre todo os nosos maiores, para que nes moitos acontecementos que marcaron a súa vida están, de xeito irremediable, cinguidos ó envío ou recepción dun telegrama. Morte, nacemento, emigración, matrimonio. Se o telegrama fose un animal en extinción -e estivese a comportarse no seu lento deceso coma tal-, xa se lle tería posto a etiqueta de "especie desafiuzada". Pouco se pode facer por el, agora que as novas tecnoloxías aparecen coma canles máis baratas e igual de rápidas. A Western Union xa anunciou o peche do seu servizo de telegramas, e isto forma parte do progresivo proceso de caída (nunca son caídas abruptas, senón que máis ben se dan como a cámara lenta). O inventor do telégrafo, Samuel Morse, púxo en marcha en 1844 e, se cadra, nunca chegou a sospeitar que o seu desenvolvemento tivese unha vida tan longa. Máis dun século e medio de historia. E durante gran parte dese tempo foi, inequivocamente, o medio de comunicación máis rápido e barato. O libro da historia do telegrama, agora que Internet xoga ese papel de canle accesible, estase a pechar. Non escoitades como van caendo as páxinas, unhas sobre outras?



## Que facemos agora co teletexto?

No mundo que nos rodea, as persoas que empregan o teletexto para consultas de certa importancia xa case se contan cos dedos dunha man. Un destes dedos cómpre reservalo a Tony Blair, presidente do Reino Unido, quen dixo perante os medios informativos, recentemente, que se enterara polo teletexto da denuncia imposta por

Rusia ao seu goberno, por supostas operacións de espionaxe. Non deixa de ser curioso, agora que a tecnoloxía vai cara adiante coma unha bala, que o máximo dirixente dun dos países máis poderosos do mundo teña que recorrer a esta canle de comunicación (e, aínda por riba, que o recoñeza). O día menos pensado, poderemos velo na porta da súa casa de Downing Street reivindicando un *walkie talkie*, de vinte baterías portátiles, neste tempo de móbiles e outras ferramentas. O teletexto é, por dicilo moi suavemente, coma o experimento que precedeu ó desenvolvemento de Internet. Os restos da limadura. O produto que se presentou en todo o mundo mentres non se acadaba nada mellor. Nota aclaratoria: é preciso sinalar que, mentres se escribía este artigo, parte da redacción de Código púxose en contra da súa publicación, por considerar que o teletexto segue a ser unha ferramenta de primeira orde, para a consulta dos resultados da lotería ou do horóscopo. Amais, sosteñen que serve para entender en que consiste a televisión dixital, que xa se nos vén enriba. Así que é posible (só posible), que esteamos a adiantar certos acontecementos. Se cadra, haberá que agardar a 2007 para falar da morte definitiva do teletexto. Do que si se pode falar é do seu nacemento e consolidación. Trátase dun servizo de datos en forma de texto que se emite xunto co sinal da televisión, no espectro que lle sobra. Foi a partir de finais dos oitenta e principios dos anos noventa cando máis se apercebiu a súa pegada. O teletexto viaxa polas liñas de transmisión do sinal que quedaron en desuso. O chamativo é que emprega codificación dixital. Por certo, que na radio tamén se chegou a usar un sistema semellante, o radio texto ou RDS.



## Adeus ó proxy-caché

O polémico proxy-caché de Telefónica está a ser eliminado paulatinamente, ó parecer, por quedar obsoleto. Isto é debido ó dinamismo dos cambios no acceso á Rede, que fai desaparecer un dos principais hándicaps das conexións ADSL de Telefónica, que producía numerosas incidencias. A adopción de conexións de alta velocidade de xeito xeneralizado, fai que as velocidades de navegación non precisen do uso de mecanismos tipo *proxy* e, xunto coa adopción de sistemas de mensaxería, vídeo baixo demanda, intercambio de ficheiros e aplicacións semellantes (que fan pouco útiles as memorias

# O que queda despois da festa (segunda entrega)

A nova era da tecnoloxía está levando por diante moitos costumes que criamos inamovibles e, sobre todo, á propia tecnoloxía que vai quedando vella



intermedias), levaron a Telefónica a desbota-lo uso do impopular *proxy-caché*.

## Laser-disc: as coleccións da nada

Ó laser-disc xa se lle vía vir de lonxe. Referímonos ó seu fracaso. Hoxe, os filmes en laser-disc son obxectos de coleccionismo, tamaño vinilo, e máis caros aínda cá na época en que se comercializaban nas tendas oficiais (cousa estraña, tendo en conta que xa case ninguén ten maneira de reproducilos). O do laser-disc, foi un dos afundimentos de máis sona da historia da tecnoloxía. Quixérono vender como o substituto do vídeo, pro non puido con el (xa fai falla ter mala sorte). Se cadra, fracasou polo tamaño das películas. Ou quizais foi polas mesmas razóns insondables que levan a un negocio ben disposto ó declive (coma eses bares ben postiños nos que, vaia saber vostede o porqué, non entra ninguén). Certo que se mercaron moitas coleccións que se gardan hoxe en día en faiados e trastendas, case coma un símbolo deses días nos que todos caemos nalgunha artimaña comercial, da que podemos chegar a avergoñarnos. Por dicilo doutro xeito: o laser disc foi a *Butterfly pillow* da tecnoloxía.

En Wikipedia.org cítanse os seguintes como posibles motivos da fin do laser-disc:

- O reprodutor non era totalmente silandeiro e era moi custoso
- En cada cara cabía unicamente unha hora de vídeo
- Os discos eran máis caros cós VHS
- Debido ó seu tamaño, os filmes eran pouco manexables



# Internet mancha

Novo repaso daquelas cousas que hai en Internet que non che deixan durmir aínda que queiras

FERNANDO SARASQUETE/  
RAQUEL NOYA



POLO GUIADIÑO  
WWW.SUBSERVIENTCHICKEN.COM

De todos é sabida a gran utilidade de Internet nos nosos días, ó fin e ó cabo, é practicamente indispensable na vida cotiá, tanto para traballar como para actividades de lecer (sen entrar en pormenores). Sabemos tamén que hai páxinas mellores e peores, páxinas que se ganan a pulso os comentarios da nosa sección “que fixen eu para linquear isto?” e páxinas que abraian pola calidade dos contidos e a imaxinación dos deseños. Mais de tódalas páxinas habidas e por haber, a que se leva o premio á páxina máis inútil e sen sentido da rede (divertida para un pouco, iso si) é [www.subservientchicken.com](http://www.subservientchicken.com). Este sitio ofrece a posibilidade de ter un polo como mascota, a ave executa calquera cousa que lle pidamos que faga (en inglés), como: sentarse (“sit down”), toca-los pés (“touch your feet”), deitarse (“lay down”) ou mesmo apoiarse sobre a cabeza (“stand on your head”).

Este polo submisio, por chamarlle dalgún xeito, é un suxeito que non ten mellor cousa que facer que disfrazarse de polo e cumprir as nosas ordes dende a sala de estar da súa casa. Se non se lle dá ningunha orde, abúrrese, bocexa e raña a cabeza e, pola contra, si se vos ocorre mandarlle facer algo obsceno, el moi xentil, negarase a facelo. (Si, na redacción probamos a mandarlle algo así por iso o sabemos. Certas tentacións non

se poden evitar...). Semella ser a época do protagonismo dos polos. Agora chegoulle a quenda a un dos peores expoñentes da raza galiñácea, o polo guiado, que como mascota non ten prezo. Dende Código Cero animámosvos a que o probedes antes de que a gripe aviar remate con el ou ben lle fritan as alas nun Burger King.



DE AQUÍ NON SAES  
WWW.CORREO ANDALUCIA.ES

El Correo de Andalucía está en Internet pero non está. Se cadra, a dirección do xornal ten medo de que a súa versión na Web lle faga competencia... ó propio xornal. É dicir: é posible que haxa un alto directivo nun despacho que non teña ningún tipo de simpatía polas novas canles de comunicación, emporiso, só permite que se pendure o pdf da portada, e pouco máis. O problema non é só ese. Hai outro, que tamén ten certa importancia: non hai xeito de saír do documento pdf. Imposible recuar. E a situación é a mesma que a de chegar a unha calexa sen saída e comprobar que, no sitio por onde viñeches, hai un camiión da mudanza que che impide saír.



Quixeras desaparecer, nese intre. A web de El Correo de Andalucía é unha exposición, onde están pendurados dous marcos baleiros e hai unha comisaria da mostra que che colle do brazo e apértacho. As novas tecnoloxías impoñen un novo tipo de xornalismo, mais El Correo de Andalucía nega coa cabeza e crúzase de brazos. Agora que hai tantos internautas que poden chegar a ser considerados xornalistas dende os seus blogs, ós profesionais deste xornal fannos optar pola vía dos xornalistas que informan menos cós internautas. Todo se confunde, e dá un pouco de dor de cabeza ver que se



desaproveitan certas oportunidades da Internet.



CEGADOS POLO LUME  
HTTP://WWW.COLFISIO.ORG

Seguimos con Andalucía. Non o facemos adrede, non lle temos máis teima a esta Comunidade cá que lle podemos ter a Murcia ou a Cataluña. Simplemente, coincidiu así. Esta é a web do Ilustre Colexio de Fisioterapeutas de Andalucía, e ben podería confundirse cunha desas táboas de letras que teñen os psicotécnicos e os oculistas, coas

resulta que todo é de cor gris e verde fluorescente, de súpeto atopas: un fondo branco con texto azul, e as placas dos membros do colexio oficial sobre unha mancha gris (que imita ás placas de metal das portas dos despachos) e case poderías xurar, mentres navegas por estes mares, que se non podes ollar ó lonxe é porque alguén ten posto un dedo no teu ollo.



EN CASA DO FERREIRO  
HTTP://WWW.CARSAN.COM.AR/

Que se pode pensar dun deseñador web que emprega a súa foto de carné para situala nun recuncho da páxina na que se presenta? Non debería saber que as manchas de cor, que se converten gradualmente en letras, hai tempo que pasaron de moda? Podemos comparalo có médico que recibe ás visitas deitado nunha padiola? E que acontece co dono dun taller que confunde: a entrada do aceite coa da auga do parabrisas, para despois dicirche (namentres ollas para el serriamente) que só estaba investigando? Esta quenda de preguntas vén a conto para presentar Carsan.com, unha web arxentina dende a que se ofrecen servizos de creación doutras páxinas a través dun texto escrito en letras brancas, de gran tamaño, sobre un fondo negro. E no medio: o nome da empresa, sempre en movemento, botándose enriba do usuario, coma un reloxo dos que empregan os hipnotizadores. É difícil tirar conclusións sobre este tipo de iniciativas, se é preciso sacar algún tipo de conclusión. Nun mundo que operase con certa lóxica, os arquitectos vivirían en casas ben feitas, os psiquiatras non estarían deprimidos e os coitelos dos ferreiros serían de ferro. Mais todo semella perder certa





estabilidade con webs coma esta que amosamos, base de operacións dos creadores de xoias de Internet coma: Carsanputas.com (a web do triple X arxentino), Remis.8k.com (axencia de remises e fletes Lucas e El Clan) ou ese *ateneo* da discusión política que é Menemvuelve.8k.com (o foro de discusión de Carlos Menem, ex-presidente de Arxentina).



## EXPRESIONISMO ABSTRACTO? WWW.JACKSON POLLOCK.ORG

Jackson Pollock foi un dos artistas que máis conceptos achegou á arte pictórica durante o século XX, abrindo novos vieiros e dándolle un novo significado ó termo "liberdade de expresión". Foi o abandeirado dun estilo chamado "expresionismo abstracto", mais en realidade do único que foi abandeirado foi de si mesmo, do seu espírito sen trabas. Esta introdución vén a conto porque esta web atrevese a colle-lo nome do artista, engadirlle a extensión ".org" e convidar, á comunidade internauta, a comportarse coa pantalla do computador como Pollock se comportaba cos lenzos. Ora ben, Pollock só houbo un, e é moi posible que, de estar vivo, amosaría a súa total oposición ó emprego do rato coma ferramenta pictórica. A web non é máis cá un lenzo en branco que se vai enchendo de salpicaduras (*action painting*, a técnica inventada polo propio artista) a medida que se vai movendo un punteiro imaxinario. Brincadeira ou idea orixinal? Falla total de respecto a Pollock ou sentida homenaxe? Quizais, a resposta estea na fina liña que separa unha pregunta



doutra, agochada, coma unha pedra no zapato.



## COLECCIÓN DE MUECAS WWW.EMOTIONERIC.COM

Semella doado poñer cara de tristura para chantaxear á nosa parella nun momento dado, ou poñer cara de

ledicia (forzada) cando comprobamos que, outra vez, por quinto ano consecutivo, voltas a ter un par de calcetíns a rombos de agasallo de Reis. Mesmo é

bastante sinxelo poñer *careto* de aburrimiento para que a túa nai se decate, sen dicirlle nada, que queres seguir vendo os deportes, que xa *raia*...

Mais, a cousa enléase se pretendemos poñer face de "*dóeme a cabeza por comer un xelado*", ou expresión de "*empregado dunha liña telefónica para usuarios de internet, que contesta 500 veces á pregunta de como se manda un e-mail?*" Pois a estes e outros desafíos son ós que ten que someterse, diariamente, o noso individuo en cuestión. Chámase Eric Conveys e, no seu portal, comprométese a poñer cara do que



sexa. Este sitio é indispensable para calquera persoa que non poida pasar, máis dun día, sen saber como é a faciana de: "*acábome de dar conta de que me prenderon lume no pelo*" ou "*teño fantasías con Ricky Martin*". Tamén se poden consulta-los pedidos pendentes que fixeron os visitantes do sitio e que o flexible rostro de Eric aínda non puido satisfacer. Tal é o caso de: "*felicidade esquizofrénica*", "*algo anda terriblemente mal con esa tostadora*" ou "*que pasa Lassie, hai algo no río?*"

Abofé, Emotioneric.com, é outra desas inútiles páxinas coas que das e logo, inexplicablemente, non podes deixar de probar nunha e noutra ligazón a ver que pasa, mesmo sabendo que estás a perde-lo tempo dun xeito esaxerado e de que corre-lo risco de sufrir un trauma ante tal abano de posibilidades faciais. Iso si, podemos dicir que aporta unha proba irrefutable dunha noción até o de agora non confirmada: hai xente que ten cara para calquera cousa.

## Zombo.com



## ANFIBIOS NUN DIVÁN HTTP://WWW.ISABELSALAMA.COM

Di Trescantos.tv ("sintonía fina para a súa web") que unha mala web escorrenta ós visitantes e que, en

Zombo.com. *Benvido a Zombo.com. Isto é Zombo.com. Calquera cousa é posible en Zombo.com. Benvido a Zombo.com*". Hai unha voz nesta web que recita ese texto e semella non parar nunca. Primeiro pareceche unha broma levemente orixinal. De contado, inevitablemente, éntache certa inquietude polo que pode estar pasando no teu computador (descarga de virus, *spyware*, roubo de memoria?) mentres, a voz que sae polos altafalantes estache a hipnotizar. Finalmente, a animación en Flash remata e tamén o recital. Aparecen dous textos onde clipear. Cliqueas no primeiro e descubres que non che leva a ningures. Entón, recúas á páxina de inicio. E que che depara este inocente movemento cara atrás? A voz do comezo, a hipnotizadora, que, mira ti por onde, xa non che fai graza ningunha. Así é esta web, inútil coma un aparello endereitador de bananas. Todos coñecemos, ó longo da nosa vida, a alguén así. Primeiro ríaslle algún que outro chiste e axiña sorpréndeste botándolle a cinza do cigarro no café.



## AUTOPÁXINA HTTP://WWW.MUNDORB.COM

Na páxina persoal deste home (definida como "grandiosa e polémica"), se pinchamos na sección "*As andainas de Rob Ruiz*" apareces nunha breve recensión autobiográfica, con texto en gris sobre fondo máis escuro. Ao ver isto, alguén pode frotarse os ollos, ou tal vez pechar directamente a páxina. Porén, temos que recoñecer que a maioría da xente desexará saber máis. Quen asina isto? Por que sae nunha foto con expresión anxelical e o fondo de pantalla son follas de marihuana? Por que na sección de imaxes, de si mesmo, inclúe a frase "*se es un tío envexarásme e se es unha tía desexarásme*"? É que ninguén lle dixo que non é bo tela casa chea de fotos propias e de autógrafos de si mesmo?

ocasións, é peor ter unha mala web cá non ter ningunha. Se non temos espazo en Internet, a xente sempre pode pensar que é porque estamos a prepara-la nai de tódalas webs. A fin de contas, o *site* dunha empresa ou institución é a face desa empresa ou institución. E pouco máis se pode dicir sobre este tema, agás que é pouco recomendable recibir nunha oficina ós visitantes vestido de extraterrestre (o susto pode ser grande ó abrírlles a porta). Asemade, tamén é un carreiro estraño o que percorre esta psicóloga en Internet, facilitando orientación a parellas ou psicoterapia para animais, todo isto a través duns botóns azuis amendoados cun bordo verde augamariña. O resto dos contidos distribúense sobre un fondo ocre sustentado por debuxos de bóvidos con influxos de Altamira. A web, malia todo, non falla nos contidos, e ofrécense interesantes textos sobre adicción ás novas tecnoloxías. O problema, coma case sempre, é o verde (non temos nada contra o verde nin o amarelo, mais quen sae da casa cun pantalón verde brillante?). Se pinchas en "Terapia e Internet", no centro da pantalla aparece o termo "Ciberterapia" e debaixo vemos un computador cun anfibio diante facendo movementos co que se supón é a cabeza. Serán as ras un símbolo de equilibrio psicolóxico e nós sen sabelo?



## BROMA PESADA HTTP://WWW.ZOMBO.COM

"Podes facer calquera cousa en







## Soñando con e-mails

Symantec sinala nun informe un gran incremento da adicción ó correo electrónico nas empresas

### REDACCIÓN

Vese tódolos días nas oficinas das empresas conectadas a Internet. Hai un tempo para traballar e un tempo (cada vez máis importante) para ler correos electrónicos de natureza persoal. Case se podería dicir que o peor que lle puido pasar á taxa de produtividade de certas empresas son as presentacións en Power Point e as cadeas de reenvío de mensaxes de bos presaxios para os destinatarios. Así como hai nesta sociedade un importante volume de subempregados e traballo en negro, hai unha gran franxa de tempo empresarial non rexistrado que se adica á elaboración de Power Points (e o esforzo ten o seu mérito). O caso é que isto do que falamos cun algo de ironía non ten, segundo Symantec, ningunha graza, xa que segundo os resultados dun estudo elaborado recentemente, a adicción ó correo electrónico estase espallando de xeito alarmante entre os traballadores das empresas de todo o mundo. Así, sinala esta investigación, a cantidade de mensaxes enviadas incrementouse un 47% durante o derradeiro ano, “*creando unha dependencia dos usuarios con este medio de comunicación, xa que un 75% dos empregados sostén que esta tecnoloxía pode crear adicción*”. O informe tamén advirte que algúns usuarios

pertencentes a estas corporacións teñen agora que consagrar máis da metade da súa xornada laboral, tódolos días, á xestión das caixas de correo entrante. Cómpre salientar que o estudo elaborouse co fin de afondar no uso que se lle dá hoxe en día ó e-mail (a tódolos niveis), e que nel participaron 1.700 internautas e xestores de novas tecnoloxías de zonas como: Europa, Oriente Medio e África. Entre outras conclusións de interese, o informe arroxa estes datos:

- O correo electrónico domina a xornada laboral: máis da metade dos enquisados pasan dúas horas ó día (unha xornada de traballo á semana) lendo, contestando e redactando e-mails. Amais, un 15% das persoas que participaron no estudo inviste un mínimo de catro horas en realizar estas tarefas.

- Esta adicción, sostén Symantec, amplía a xornada laboral, xa que máis da metade dos traballadores comproba os seus correos electrónicos antes das nove da mañá (habendo usuarios que o fan mesmo ás 6 da mañá), e a maioría vólveo facer arredor das 17.00 horas.

- A cantidade de mensaxes enviadas por correo electrónico segue a intensificarse: un 91% dos xestores de novas tecnoloxías da información calcula que a trasfega de correos electrónicos, nas súas compañías, aumentou durante o último ano nun 47%. Esta cifra pode chegar ó 200% en grandes empresas con 500 empregados ou máis. En casos extremos, algúns traballadores envían até 350 mensaxes ó día, e poden recibila cantidade nada desprezable de 450 correos durante a xornada laboral.

Estrés informativo. Este pode ser un dos grandes problemas

dos usuarios de Internet e, máis no concreto, daqueles que empregan a cotío o correo electrónico. Neste intre, hai unha importante comunidade de persoas e de sistemas robóticos interesadíssimos en enche-las bandexas de correo entrante coas súas mensaxes. Principalmente, semella que dirixen os seus esforzos a aquelas bandexas que son consultadas con máis frecuencia. Non falamos unicamente de correo lixo. Non falamos só de misivas enviadas para vender medicamentos ou lembrarte que precisas Rolex de imitación ou Viagra no almorzo para vivir (como puideches esquecerlo?). Cómpre falar tamén de todas esas notas de prensa nas que, empresas de todo o mundo, ofrecen publicidade e *marketing* revestida de información, ou desas cadeas de reenvío que percorren todo o mundo trazando desprazamentos inimaxinables coma un parrulo portador de gripe aviaria. O estrés informativo é unha realidade, coma o exceso de sinais nunha autoestrada. Por que motivo se nos satura así? Moi sinxelo: porque o correo electrónico é importante para o funcionamento das nosas empresas ou, simplemente, para a nosa comunicación co mundo. Mais coma tódalas cousas que son de utilidade, ten un dobre gume, un risco de apego que pode ser preocupante.

O devandito estudo de Symantec tamén indica algúns resultados sobre o emprego do correo electrónico en dispositivos móbiles. Un 31% dos enquisados usan un aparello móbil para acceder ó correo electrónico, e a maioría - un 72% - comproba o correo electrónico cando se atopa fóra da oficina e non está a realizar ningunha tarefa laboral. É dicir, que o problema vai connosco alí onde vaíamos, coma se estivésemos na tentativa de deixar de fumar e os nosos coñecidos nos botasen o fume na cara á mínima ocasión. Ou coma se levásemos uns zapatos que nos quedan pequenos de máis, lembrándonos sempre a necesidade de quitalos.

O correo móbil semella ter un impacto importante nas vidas dos usuarios, e os resultados máis salientables son os que seguen, segundo sinala Symantec:

- Un 34% dos enquisados revisan o correo electrónico ao erguérense da cama, e un 30% compróbo antes de deitarse pola noite. Resultado: menos horas de sono.

- Un 65% dos usuarios de correo electrónico móbil emprega os seus dispositivos portátiles para realizar tarefas, vencelladas co traballo, cando están a carón da súa parella e/ou amigos, parentes e familia. Resultado: incomunicación cos achegados.

- Un 40% dos usuarios de correo electrónico móbil comprobou as súas mensaxes mentres estivo de vacacións, e un 38% fíxoos cando estivo de baixa por doenza. Resultado: corrémolo perigo de estragar un período vacacional coa nosa parella ou amigos se nos vén con asiduidade de máis fixados a un computador, e con razón.

Porén, alenta saber que o estudo descubriu tamén algunhas actitudes moi positivas do correo electrónico móbil. Mentres que un 27% dos enquisados afirmou que a comprobación do correo electrónico, fóra de horario laboral, aumentaba o estrés; un 23% tamén manifestou que esta mesma acción o diminuíu. Un 43% dos usuarios de correo electrónico móbil pensa que o acceso ao correo, fóra da oficina, failles ser máis eficientes. Con todo, o que máis abraia é que un 75% pensa que eles deben ser responsables - e non os seus xefes- de manter baixo control o uso do correo electrónico.

### Un tribunal considera que a adicción ós videoxogos é unha ludopatía

A causa xudicial na que se imputa a Raúl J. B. por roubar códigos do xogo Dark Age of Camelot (videoxogo on-line comercializado por Wanadoo-Francia) o que suporía un delito de descubrimento e revelación de segredos por intrusión informática, verá como a súa pena de 5 anos de cadea e 104.878 euros por prexuízos se reduce a 1 ano de cadea e unha indemnización de 24.876,8 euros xa que o xulgado rebaxou a súa pena ó considerar que a súa adicción ós videoxogos supón unha ludopatía e pode considerarse un atenuante. Durante a celebración do xuízo, o imputado, de 27 anos de idade, recoñeceu que adicaba 12 horas diarias a xogar no computador, o que semella unha proba patente da adicción de Raúl J. B. O A policía atopara no domicilio do condenado distintos discos compactos que contiñan o código do xogo, o que podería supor unha perda de millóns de euros para a compañía que o desenvolveu (e poría en risco os empregos das máis de 60 persoas que administran e manteñen o xogo) mais, ó non detectaren ningún uso desta información (como a súa publicación a través da Internet) non se atribúen máis delitos ó acusado.





**XULIO FERNÁNDEZ HERMIDA  
ENXEÑEIRO DE TELECOMUNICACIÓNS NA UNIVERSIDADE  
DE VIGO**

### **TDT por Televisión Digital Terrestre.**

A televisión que vemos nas nosas casas recolle un sinal que chega pola antena, que é a que trae directamente o brillo e a cor de cada punto da pantalla. Este é un sinal analóxico que pode ser recollido por aparatos electrónicos, dos que o elemento máis significativo é o transistor. Para pornos en contexto, dicir que cando aparecen esas pequenas radios que funcionan con pilas e non enchufadas á corrente eléctrica, chámaselles transistores porque o que levan dentro son precisamente uns pequenos elementos base da electrónica. Eses pequenos elementos de tres patillas son precisamente os orixinais transistores dos que esa pequena radio a pilas colle o nome.

### **Como chegamos aquí?**

Pois dende esas pequenas radios a pilas (os radio-transistores) xa pasaron unhas cantas décadas, e a electrónica evolucionou moitísimo dende entón. Pasouse dos transistores ós circuitos integrados (analóxicos e dixitais), e máis tarde ós microprocesadores, ós computadores, ás memorias dixitais, etc. E, en paralelo, con estes adiantos na electrónica, foi habendo outro avance igualmente espectacular nos coñecementos dos procesos que se lle poden facer ós sinais (sinais de audio, de vídeo, de comunicacións). E así fomos vendo como pasabamos dos discos de vinilo ós CDs, e dos casetes de audio ás cintas de vídeo (neste caso, foi mester tamén un adianto importante na mecánica do sistema de cabezais), aparecen os computadores persoais con pouca memoria e pouca capacidade de proceso, e imos chegando ás consolas, ós DVD's.

E, ao mesmo tempo que todo o anterior, van aparecendo novos servizos. Xurde o correo electrónico, as primeiras redes antecesoras da actual Internet, nace a telefonía móbil analóxica, e logo a actual telefonía móbil dixital, a ADSL como produto xeralizado. Créanse moreas de servizos ós que se accede á través da Rede, que axudan a facer máis interesante á propia Internet e ós servizos de acceso á mesma (modems, tarifa plana, ADSL, GPRS,...).

### **E chega a TDT**

En novembro do 2005, trala tentativa fallida de Quiero TV hai xa uns anos, irrompe a TDT, cunha oferta ampla de canles de televisión, con maior calidade de imaxe e de son, e que se pode recibir coas mesmas antenas e os mesmos televisores que temos nas nosas casas. Só cómpre merca-lo decodificador da TDT e, nalgúns casos, facer unha pequena adaptación das antenas no tellado, algún amplificador de canle en comunidades, e pouco máis. Na maioría dos casos, a TDT recíbese así, sen máis, con só engancha-lo ZAS (o decodificador de TDT desenvolvido e montado integramente en Santiago de Compostela, nas instalacións de Televés), ou calquera outro decodificador de TDT, e indicarlle que sintonice automaticamente todo o que atope no espectro.

Pero a TDT é moito, moito máis ca televisión. A televisión é sinxelamente o primeiro servizo que recibimos a través da TDT. De feito, nun par de décadas, haberá que lembrar de onde provén o nome da TDT, pois a televisión será só unha pequena parte dos servizos que recibiremos por esta vía (antena, IRD, televisor). Pasará o mesmo que aconteceu co correo electrónico e a Internet; que sendo unha aplicación que tirou moito polo desenvolvemento da interconexión de redes nos seus comezos, pasou a ser unha aplicación máis cando a Internet deixou de ser unha cousa de minorías. Hoxe é unha aplicación máis da Internet, importante, mais non a única, pois temos as páxinas web, a banca por Internet, a mensaxeiría, os chat, o comercio electrónico, a administración electrónica. Iso mesmo pasará coa televisión e a TDT. A televisión será un servizo que recibiremos a través da TDT, agora que compartirá protagonismo con outras que xa se vén vir, e algunha que aínda non albiscamos.

### **E por que ten tanto futuro a TDT?**

Pois porque o que temos realmente coa TDT é unha canle de datos moi grande entrando nas nosas casas. E por ser unha canle de datos, ao final da mesma, en contas de ter simplemente un televisor, que non é máis que un aparello capaz de representar imaxes, podemos ter un gran espazo no que se poden almacenar eses datos que chegan pola antena. E os datos que chegan pola antena poden ser un filme (que podemos ver nese intre ou gardar no computador para velo cando nos veña mellor), ou un telexornal, que sempre pillamos a medias porque non chegamos á casa até esa hora. Así, cando decidimos adicar un rato a estar tirados no sofá vendo a tele, poderemos escoller entre ver o que están dando nalgunha das canles que nos chegan, ou ve-lo telexornal que están dando, mais velo dende o comezo, aínda que xa estea comezado, ou ver aquela película ou aquel documental que

temos gardado nese computador-televisor.

### **E isto non o temos xa cos actuais vídeos?**

A gravación nese computador-televisor terá moi pouco que ver co que é hoxe unha gravación nunha cinta de vídeo. Para gravar nunha cinta de vídeo é preciso localizar unha cinta, asegurarse de se temos aí algo gravado que aínda non vimos, localiza-lo sitio da cinta onde queremos gravar, e logo poñe-lo vídeo na canle onde dan o programa que desexamos visionar e indicarlle as horas entre as que debe gravar. A gravación en TDT nese computador-televisor será tan doada como moverse pola guía electrónica de programación (EPG) onde aparecen os programas que se van a emitir nas distintas canles e escoller co mando a distancia que programas queremos gravar. E xa está. Os datos deses programas, cando cheguen pola antena en vez de ir á pantalla da tele iranse almacenando no disco duro.

### **Coa TDT poderás velo que queiras e cando queiras**

E cando sentes no sofá a ve-la tele, en pantalla terás un menú onde aparece, tanto o que está entrando pola antena, coma o que tes no disco duro. E ti determinarás que é o que queres ver. Primeiro decidiches cando o fás a ver, e agora decides que é o que vas a ver.

### **Mais todo isto que acabo de contar non é máis có comezo.**

Se queres saber un pouco do que xa se albisca... segue lendo. Co correo electrónico non é difícil facer que teñamos no noso computador un documento que un amigo ten no seu computador. Ora, para que así ocorra, ese amigo debe ter unha conexión a Internet e un servidor de correo electrónico. E nós, outro tanto, un acceso á Rede e un servidor de correo electrónico. E para recolle-lo documento deberemos conectarnos e baixa-lo documento ó noso computador. Todo isto, aínda que sinxelo, non o fai todo o mundo. De feito, moitas persoas nin sequera teñen un computador na súa casa.

### **Coa TDT a situación pode ser lixeiramente (ou enormemente) diferente.**

Para poñernos en antecedentes, podemos pensar no teletexto que actualmente se emite co sinal de televisión. Para consulta-la información que se transmite no teletexto non cómpre máis que ter un televisor con teletexto e o mando a distancia. A información chega ó noso televisor sen conexión a Internet nin servidor de correo electrónico, nin configuración de parámetro algún.

No teletexto, o número de datos que garda o noso televisor é moi limitado, e por iso a información que chega por esta vía ten que estar sendo transmitida continuamente.

# Que é a TDT

## e que posibilidades pode darlle ó usuario (primeira parte)

*A televisión dixital segue a ser un misterio para moitos galegos. Non se pregunta todo o que se debería preguntar, sobre todo entre os que xa teñen algúns coñecementos (non todos), se cadra por medo a quedar de ignorantes ou desactualizados. Xulio Fernández Hermida, enxeñeiro galego de Telecomunicacións, ofrece aquí unha serie de respostas a cuestións que todos nos fixemos. A fin de contas ninguén naceu sabido, e coa cuestión da televisión, o obxecto sagrado de case tódolos fogares, non se xoga.*



Cando, navegando no teletexto, pides unha páxina e ves na pantalla uns números que van avanzando até a páxina pedida, eses números reflicten as páxinas de datos que van chegando co sinal de televisión. E así permanentemente, hora tras hora e día tras día. Constantemente a información vai cambiando na emisora, para mantela despois actualizada.

Co sinal da TDT pode chegar unha cantidade inxente de información, e cun computador conectado a un decodificador de TDT externo, podemos amorear toda esa información até enche-lo disco duro. Nun disco duro cheo de información colle máis do que poderíamos chegar a consultar en toda a nosa vida. E esa información que se amontoa no disco duro pódese ir renovando día a día ou hora a hora (dependendo do ritmo de cambio da información). Se os datos que temos son acerca das quendas de farmacias de garda de toda Galiza, pois pode que abonde con ilar renovando mes a mes, ou cando haxa cambios sobre o que se tiña enviado antes. O mesmo acontece se con horarios de avións, trens, autobuses; ou de apertura de museos, congresos, feiras ...

Deste xeito, neste computador conectado á TDT teríamos unha versión restrinxida de todo o que pode atoparse en Internet. Restrxinxida, mais axustada a aquela información que nos pode ser especialmente útil.

*(continúa o mes que vén)*

# Servizo post-venda das operadoras de tecnoloxía:

sae se podes

DAMIÁN FERNÁNDEZ

Actualmente, despois da burbulla tecnolóxica e hai 6 anos e a súa correspondente picada, estamos a vivir unha situación de recuperación do sector interesante, entre outras cousas, polo desenvolvemento da tecnoloxía sen fíos, a posta en marcha da ADSL2, a tecnoloxía IPTV e o funcionamento de sistemas telemáticos que che permiten: desde poder ve-la túa factura telefónica en Internet até poder xestionar os teus impostos cun sinxelo golpe de rato. Isto está a facer, ou polo menos iso é o que se tenta, que o panorama tecnolóxico en España esperte dunha vez por todas e que todo cidadán teña a posibilidade de ter, dende calquera punto de España ou do estranxeiro, acceso á inmensidade de posibilidades que ten actualmente Internet.

Quen nos ía dicir hai 10 anos, cando comezou a revolución tecnolóxica en España a nivel doméstico, que teríamos a posibilidade de facer infinidade de cousas sen saír da casa? Como ben di a Universidade Oberta de Catalunya na súa publicidade: temos a nosa universidade a dous metros do salón, mais tamén podemos face-la compra no supermercado sen saír de casa ou mesmo poder levar a cabo todo tipo de xestións bancarias, dende unha doada consulta do noso saldo até tramitar unha hipoteca.

Toda esta situación orixina un panorama moi atractivo para o usuario final, xa que non precisa



desprazarse para realizar calquera tipo de xestión e, amais, ten a posibilidade de facer ditas xestións as 24 horas do día, polo que é moi vantaxoso debido ó ritmo no que vivimos actualmente con xornadas de traballo maratonianas. Ó outro lado, mais no mesmo sentido, as empresas estanse a decatarse desta situación e son conscientes de que, se non existen en internet, non existen para o usuario. Que unha empresa sexa tradicional non significa que non poida ter presenza en internet, senón, reparade no caso Barrabés, unha empresa tradicional 100% que soubo potencia-lo seu negocio até lindes insospeitados cun espazo en internet.



Temos tan presente e tal grao de penetración das novas tecnoloxías nas nosas vidas que o feito de acende-lo noso computador e xa estar conectados é un feito que tomamos como algo natural, tanto como mete-la chave no noso coche e que arrinque, abrir unha billa e ter auga, darlle á chave e ter luz, etc... O problema vén cando acendemos o noso computador e non temos conectividade, entón é cando reaccionamos como o faría un fumador sen tabaco, estamos enganchados á tecnoloxía e, se nos falta, atopámonos desorientados. Como reaccionamos se non temos acceso ao noso correo electrónico, aos xornais on line, a poder ter ao alcance das nosas mans a información que queremos no intre que o imos a precisar? Seguramente con desesperación, porque vivimos nunha época da historia onde a tecnoloxía é o día a día e como tal, tomámola como unha necesidade máis que coma unha ferramenta.

Poderedes pensar que moita xente pode vivir sen depender da tecnoloxía, moi certo, ora que tamén moita xente vive sen ter auga corrente e/ou electricidade por pór un exemplo, pro o poder ter acceso a estas necesidades, que hoxe coidamos básicas, facilítanos moito o día a día, ou acaso non foi unha revolución a telefonía móbil nas nosas vidas?

A razón desta reflexión é presentar unha visión crítica do servizo que actualmente nos ofrecen os provedores de tecnoloxía, a aqueles que nos levan o teléfono a casa, que nos dan conectividade xa sexa por ADSL como por cable residencial e en definitiva, o nexos de unión entre nós e as novas tecnoloxías. Son consciente da competitividade dos provedores de tecnoloxía por acapara-lo maior número de clientes, o que lles leva, en moitos casos, mesmo a ter un beneficio mínimo respecto ao gasto, mais iso non é razón para que un cliente que paga por un servizo teña tan mala resposta post-venta e que sexa moi deficiente.

Existen numerosos casos de clientes insatisfeitos cos seus provedores, e moitas veces levadas ante os tribunais. Por que se eu doume de alta nun provedor cunha sinxela chamada telefónica ou cubrindo un formulario, non poida darme de baixa polo mesmo método? Porque ás tecnoloxías

a realizar un gasto en forma de burofax para que a baixa sexa efectiva e que poidas te-la certeza (legal) ao 100% de que a túa baixa sexa efectiva desde o intre que o notificas.

Cando notificas a algún provedor que te queres dar de baixa entón, e non antes, ofréceche reducións nas cotas, agasallos de artigos, promocións varias, etc... Acaso hai que chegar ao punto de que un usuario se queira dar de baixa para ofrecerlle o ouro e o mouro? Non é máis doado dar un bo servizo, onde o cliente estea satisfeito para que non se cheguen a estes extremos? Moitas das baixas que teñen os provedores de tecnoloxía veñen dadas por un servizo, que aínda que se axuste a contrato, non é o que esperaba o cliente. Coletíñas como o de "ADSL até 20Mb" non supón que contrates 20Mb, senón que tes a posibilidade de ter velocidades de até 20Mb, seguramente teña unha cláusula que só che garanta o 10% deses 20Mb e se tes sorte, aparecerá o que se chama SLA (Service Level Agreement), que che asegura a dispoñibilidade do servizo, por exemplo unha SLA do 99% (mensual), asegúrate que non vas estar máis de sete horas sen servizo. Normalmente, as operadoras, afirman que antes de 48h terás restituído o acceso, dende o intre que notificas unha incidencia, e se non o cumpren, descontan un 5% da vindeira cota. Mais, que é un 5% de 40 euros que é o que normalmente se paga por un acceso a internet? Pois son uns miserentos 2 euros, e, que pasa se estás 15 días sen acceso a internet? É indignante.

O problema non se queda aí, nin moito menos, o que máis alporiza ao usuario final é que teñas un problema, collas o teu teléfono para abrir unha incidencia no teu provedor e o primeiro co que te atopas sexa que, moitas veces, estás máis de 30 minutos colgado do teléfono nunha chamada de tarificación especial (902), escoitando unha musiquiña repetitiva, moitas veces desquiciante e alternando a voz dunha "amable" gravación dicíndoches que lles desculpes que están tódolos operadores ocupados e que en breve che atenderán. Eu non sei o que entenden por "breve", mais segundo a RAE, breve é «1. adx. De curta extensión ou duración», e a calquera que estea 30 minutos colgado do teléfono







con esa musiquiña pareceralle de todo, menos breve. Se es o *masoca* abondo de aturar para non desistir na tentativa e rematar colgando o teléfono, ao final, se tes a sorte de que alguén ao outro extremo che responda e non sexa un computador, parabéns!! Ora que iso non supón que o teu problema esté resolto. Normalmente a persoa que che recolle a chamada non ten os coñecementos precisos ou o xeito de solucionar o problema directamente e unicamente segue unha "árbore de resolución" polo que tes que andar con ollo para non saír da súa árbore de resolución porque, entón, dirache que non te pode axudar nin pasar cun técnico.

Lémbrome da primeira vez que tiven unha incidencia cun operador que me preguntou que versión de Windows empregaba e díxenlle que ningunha, que usaba Linux; a súa resposta inmediata, antes de que lle dera explicacións do meu problema (que non sincronizaba o meu *router* ADSL) foi que non podía axudarme. Outras veces, pónense a revisa-la túa configuración ADSL, a mesma que funcionaba un minuto antes de que o teu servizo deixase de funcionar, que se é problema dos DNS, que é culpa o teu computador por empregar un antivirus, que se é da túa tarxeta de rede, etc... ao final para chegar á conclusión de que non é un problema teu e que abren unha incidencia. Iso se non tes a desgraza que por calquera causa que se escapa ao teu coñecemento de súpeto se corte a comunicación co teu operador e teñas que repeti-lo proceso de novo, soportando outra vez a musiquiña repetitiva, repasa-la configuración do teu *router*, etc...

Imaxinemos que pasas polo trauma de dar de alta unha incidencia no teu operador e mesmo acadaches que che den o teu "número de incidencia" e o gardes como ouro en pano. Non creas que con iso vas te-lo teu problema amañado nada máis colga-lo teléfono, pasarán as horas e seguirás sen ter solucionado o problema xa que ao día seguinte, chamarás outra vez, estarás outros 30 minutos ao teléfono sen que ninguén che diga

nada e cando alguén che conteste e preguntes que pasa co teu problema che digan que non é o seu problema, que o problema é dunha terceira empresa de servizos, normalmente Telefónica e deste xeito quítanse o morto de enriba dicindo que non poden facer máis, que xa teñen pasado a incidencia a ese tercer operador. É agora cando preguntas: "Eu con quen teño contratado o servizo, a quen lle pago? porque se ao final, o provedor que eu contratei o que fai é revende-lo servizo de terceiros, por que non contratar ese servizo co que realmente o ofrece?" Non hai cousa que máis me desacogue que a xente que, cando xurde un problema, tenta desentenderse de todo culpando a terceiras persoas ou entidades.



pode faltar unha coma e cando non che poñen trabas polo papelorio, o doado é seguir botándolle a culpa a Telefónica. Deus te libre de darte de baixa dun servizo no que leves menos dun ano, porque entón terás que pagarlle ao teu provedor os gastos por baixa anticipada, aínda que o servizo que teñas contratado fose un auténtico lixo e o usaras unha semana. Se definitivamente decides



Pasados uns días, se es afortunado, chamarate un técnico da compañía de servizos dicindo que xa está solucionado, mais ao comprobalo, decátaste de que segues igual, sen conexión, e volta a seguir todo o procedemento, que si cal é o sistema operativo que empregas, que imos revisa-la configuración, total, outros 30 minutos ó teléfono para rematar abrindo outra incidencia que nos levará de novo a un prazo de espera interminable, é coma o conto de nunca rematar. Deste xeito, un problema que prometía estar resolto en 24/48h pódese amañar en 72/96h, con sorte.

Ora que non rematarán aquí os teus problemas, se estás canso do teu provedor e decides cambiar a outro, non sabes o que fas, comezará un procedemento que se onde eu dixen "digo", digo "diego", que se tes que enviar tal cantidade de papel, que se os datos teñen que ser exactos e non

cambiarte, pasarán uns días ou semanas, porque a túa liña non estará liberada polo teu anterior operador aínda que liquidases completamente as túas "débedas" e comezará de novo un proceso burocrático até que o teu novo operador poida darche servizo, entón asáltanche as dúbidas e preguntarase se "vale máis malo coñecido ca bo por coñecer".

Estas situacións de malos servizos post-venda vémolos a cotío en calquera eido do sector servizos e, moitas veces, xa sexa por preguiza ou por descoñecemento, non adoitam os a presenta-la reclamación nas oficinas de consumo porque pensamos que non servirá de nada, mais estamos nun erro, porque é inútil enoxarnos e cruzarnos de brazos, iso non nos vai solucionar o problema, emporiso cunha folla de reclamacións poderemos reivindicar os nosos dereitos como consumidores.

Lémbrome hai anos, cando Telefónica dominaba o mercado das telecomunicacións, que moitos a criticabamos (e seguímola a criticar) coa esperanza de que os novos operadores serían moito mellores, ora, do que serviu é para decatarnos de que Telefónica non é tan mala, e os novos operadores non son tan bos.

Gustárame vivir nun mundo tecnolóxico no que El Corte Inglés fose a compañía dominante en tecnoloxía porque, ao meu parecer, é a empresa que mellor servizo post-venda ten, neste intre, no noso mercado nacional.



## O recuncho da Opinión

### Na guerra dos novos DVDs, sempre perdemos nós

Matías Loureiro

Nunha guerra entre multinacionais as baixas veñen sempre do lado dos consumidores. Os grandes dirixentes de Sony non se deberon resentir moito trala caída do sistema



Beta no mercado global, como moito unha xaqueca, unha lixeira comezón en certas partes do corpo, nada que non se puidese amañar cun novo triunfo tecnolóxico que dea moral. O consumidor, pola contra, esa pobre criatura que ten que renunciar a moito para facerse co reprodutor de cinema, que os seus fillos requiren, ve como o vídeo Betamax, ese polo que apostou con coraxe porque semellaba cabalo gañador, remata servindo só coma base para tapetes de encaixe ou marcos de fotografía.

A historia, con lixeiras variacións, é coñecida por todos.

E agora, a partir deste mes de marzo, corre o risco de repetirse. E de novo temos a Sony no papel protagonista. O outro actor principal deste filme de conflitos tecnolóxicos é Toshiba. Ámbalas empresas están a da-los primeiros pasos na distribución dos novos formatos de películas e reprodutores de DVD. Sony acode ó mercado co seu Blu-Ray e Toshiba, pola súa parte, faino co HD DVD. A pregunta que nos podemos facer é: non aprendeu nada Sony da vella historia dos formatos de vídeo? O certo é que ámbalas multinacionais tecnolóxicas, coma dous países gobernados por políticos intransixentes, non chegaron a un acordo. Temos guerra, polo tanto.

Quen perde? Ti, eu e tódolos demais. Mais cómpre analiza-la situación previa á chegada deste novos formatos. Hai un currunchito especial nos nosos fogares que, durante anos, foi reservado para os vídeos, uns reprodutores que nunca nos convenceron moito, porque non tiñan unha gran calidade de imaxe e son, e porque as películas tiñan pouca "vida". Ese recuncho completouse, ó longo deses últimos anos, con outro tipo de reprodutor, o DVD, que tampouco nos gustaba moito (incompatibilidade de formatos, ralentización do visionado, etc) inda que era menos malo có anterior. Temos daquela, un *sándwich* de electrodomésticos formado por dúas rebandas (vídeo e amplificador) e unha loncha de xamón (o DVD). Porén, podemos velo tódolos días nos medios informativos, o bocadillo enléase, tórnase "completo". Hai que incorporar un novo reprodutor de DVD, xusto cando a columna electrodoméstica corría o risco de virse abaixo nos salóns da nosa casa. É certo que estes novos aparellos (o reprodutor de Blu-Ray e o de HD DVD) son compatibles cos DVDs que xa temos (conque non hai que tirar ó lixo as coleccións) mentres, quen nos compensa de ter mercado un reprodutor de DVD que finalmente vai quedar obsoleto nun prazo de dous anos, segundo cálculos das ditas empresas? E que pasa se lle collemos cariño ó DVD?

Este mes de marzo podemos ver na prensa mundial todo tipo de información sobre a chegada destes novos formatos. Toshiba, co seu HD DVD, semella se-la primeira empresa en mover ficha. Sony anuncia que comezará a comercializar títulos o vindeiro 23 de marzo. O certo é que, estas multinacionais, case se moven ó mesmo tempo.

Coma nun xogo de espellos.

E, coma nas guerras, ámbolos formatos teñen o seu grupo de aliados. Toshiba conta co apoio de: Paramount, Universal, New Line e Warner Brothers. Sony ten a axuda da Fox e de Metro Goldwyn Mayer, entre outras grandes empresas. O prezo dos filmes de senllos formatos calcúlase entre un 15 e un 20% maior có do actual DVD.

É unha subida importante, sobre todo, se reparamos nos DVDs de películas recentes que saen ó mercado, non adoitan baixar dos 20 euros. E xa nos doen na carteira.

En España xa foron presentados os primeiros formatos de reprodutores de HD DVD, aparellos que, ó igual que os de Blu Ray, melloran significativamente a calidade de vídeo e son,



cunha tecnoloxía que triplica a capacidade de almacenamento dos discos, que pasa a ser de 30 gigas. As melloras, polo tanto, son aceptables, mais como imos saber cal é o máis válido dos formatos? Como podemos evitar facer unha compra trabucada?



## MERCAR MÚSICA ON LINE I



RUBÉN G. PEDRERO

Na pasada edición do *Midem*, celebrada a finais de xaneiro fixéronse públicos os datos do *Digital Music Report 2006*. Durante o ano pasado 420 millóns de cancións foron descargadas legalmente en Internet, un 6% do mercado discográfico mundial.

Aínda foi a finais dos 90 cando comezou a venda de música on line, mais non sería até 2003 -con *Itunes Music Store*- cando o negocio dera un pulo. Na súa primeira semana en Estados Unidos, chegaron ó millón de descargas legais e hoxe en día, xa en 21 países, acaban de supera-los mil millóns de temas vendidos.

Segundo o informe *Digital Music Report 2006* presentado pola IFPI (Federación Internacional de Produtores de Música), en 2005 vendéronse 420 millóns de cancións a través de Internet,



é dicir, vinte veces máis cá no 2003 . Se sumámo-lo orixinado pola telefonía móbil, o volume do negocio ascende a 1.100 millóns de dólares, o que supón un 30% máis respecto ó ano anterior. En datos porcentuais, este negocio supón un 6% do mercado.

As razóns deste espectacular incremento son varias, salientando, sobre todo, o cambio de rumbo que ten tomado Internet nos últimos meses grazas ó ADSL e outros servizos de alta velocidade. A isto hai que engadirle: as impresionantes vendas de i-Pod, os 60 millóns de mp3 vendidos e o emprego, cada vez maior, do teléfono móbil como ferramenta multimedia.

Conforme a consultora americana *Strategy Analytics*, as previsións apuntan a que en 2010, a venda on line suporá un 16% do mercado e que as vendas ascenderán a 4.500 millóns de dólares.

Esta consultora avoga por un cambio na xestión de cobro. Se hoxe en día, a maioría de tendas virtuais facturan por canción ou disco descargado, a tendencia é que, ó final da década, o 60% dos ingresos non proveñan desta descarga directa senón de tarifas planas fixas. Opción existente hoxe en día, máis só en *streaming*.

En canto a correntes de venda en

Europa, calcúlase que en 2009 será Reino Unido, Alemaña e Francia os que acaden a maior porcentaxe do mercado europeo, até un 60%. España e Italia atraerán un 20% e o restante espallárase entre os demais países europeos. Uns datos moi optimistas, máis se cabe, cando España é un dos países europeos con maior índice de piratería.

Mais, volvamos a datos actuais e ó Informe presentado pola IFPI no *Midem*. En países coma Alemaña ou Reino Unido, durante o ano pasado se descargaron máis cancións de xeito legal, 6% fronte a un 5%. Son optimistas de cara ó futuro, "aínda haberá máis crecementos significativos en 2006, cando o mercado da música dixital madure e se perfile axeitadamente".

Agora ben, igual que no seu momento as discográficas pecaron de egoísmo, e en certa medida, influíu na piratería, segundo Steve Jobs, presidente da Apple, a situación podería repetirse. Cos datos da IFPI na man, a piratería dixital está a descender grazas á venda de música legal. O prezo tipo establecido por canción é de 0,99 euros. Emporiso, as discográficas, cando semellaba seguro o seu afundimento, en vez de olla-lo futuro con optimismo, están pensando en subi-lo prezo de cada descarga. Craso erro, en palabras de Steve Jobs, "Se lles queren subi-los prezos, iso supón que se están volvendo ambiciosos. Se o prezo sube, os consumidores volverán á piratería e todos perderemos". Nunca foi tan certo o dito de que o home é o único animal que tropeza dúas veces na mesma pedra.

Actualmente existen, segundo datos da IFPI, máis de 335 sitios de descarga de música legal, 50 máis cá no 2003. Datos estraños, tendo en conta o moito que ten medrado o mercado nestes dous últimos anos. Un crecemento tal, que mesmo empresas externas á industria musical, como *Pepsico* ou *Coca Cola*, comezaron a entrar no negocio *on line*, ben en solitario, como é o caso de *Coca Cola* coa súa propia tenda e [www.mycokemusic.com](http://www.mycokemusic.com) - non dispoñible en España- ou participando do éxito doutros, é

dicir, o primeiro servizo P2P legal, o iMesh.

Malia os esperanzadores datos a IFPI e, por extensión, tódalas asociacións mundiais que abrangue, non están totalmente satisfeitos con estes resultados, xa que cren necesaria moita máis axuda por parte das empresas tecnolóxicas e dos provedores de servizos de Internet.

A gran traba da venda dixital legal na Unión Europea son as licencias. Cada país ten as súas propias sociedades de xestión de dereitos de autor, coas restricións de exclusividade territorial que isto conleva. A UE quere crear unha licenza única, xa que ve neste un maior problema, mesmo cá propia piratería. A belga SABAM e a holandesa BUMA téñense comprometido a eliminar este tipo de limitacións. Pola contra, as demais, entre elas a SGAE, seguen sen da-lo seu brazo a torcer. Grande erro, segundo sinala o Executivo Comunitario, "A exclusividade territorial outorgada a cada unha das sociedades de xestión non está xustificada por razóns técnicas e é irrecoñecible co alcance de Internet".

Conforme un estudo realizado pola UE, o volume de negocio en Estados Unidos é cinco veces máis grande cá en Europa (500 millóns de euros fronte a 105), a pesar de que o mercado europeo conta cun meirande número de consumidores (450 millóns fronte a 280).

Neste sentido, a Comisión Europea expedientou a primeiros de febreiro á Confederación Internacional de Sociedades de Autores e Compositores (CISAC) e ós seus membros, SGAE incluída, polas restricións territoriais que levan a cabo estas sociedades.

Sexa como for, o mundo da industria musical está mudando a pasos axigantandos e a tradicional industria musical ten que adaptarse ós novos tempos, senón quere desaparecer.

No vindeiro número de Código Cero, faremos un repaso por algunhas das tendas dixitais que operan en España.







Jack Ma retouse a si mesmo a construír un proxecto que abranguese a maior parte da cadea de valor do comercio electrónico.

## o B2B que veu de China

David Lombardía  
david@elvilmetal.com

**Alibaba, da man de Yahoo!, é un dos maiores portais comerciais do mundo e ten revolucionado a busca de provedores para moitas empresas de tódolos tamaños e sectores.**

No 1.999 naceu en China un dos grandes proxectos comerciais e probablemente un dos máis engaiolantes. Baixo o nome “alibaba”, mais con outros produtos e proxectos de por medio, Ma Yun -coñecido tamén como *Jack Ma*- pensou en construír un proxecto que abranguese a maior parte da cadea de valor do comercio electrónico.

Un comercio electrónico que se establece entre iguais, sen particulares ou empresas.

Para os primeiros, no ámbito do C2C, este home que non dubida en comentar que: “Son delgado e feo. Mais un home feo debe, na miña opinión, ser máis intelixente” ideou TaoBao.com, un portal de vendas e poxas entre particulares que, alomenos en China, conseguiu facer que Ebay teña serias dificultades para acceder ó liderado. TaoBao fundouse en maio de 2003, e desde entón, acadou supera-la cifra de dez millóns de usuarios rexistrados.

Para as segundas, xurdiu

alibaba.com, que co inglés como lingua motriz -aínda que existe unha versión Alibaba China que funciona para o mercado interno con 7 millóns de usuarios- supón unha plataforma de negocio internacional para pequenas e medianas empresas, que conecta a compradores e vendedores de todo o mundo -por máis que predomine a man de obra chinesa-. Os compradores poden dar de alta demandas de produtos, establecendo as características, e os fabricantes propor a estes as súas ofertas e, ó tempo, ofrece-los produtos que fabrican, definindo a súa capacidade de produción por unidade de tempo, etc. A poxa dos fabricantes chineses, e o desexo de moitos empresarios de aproveita-las boas condicións de adquisición de produtos e materias primas nesta economía emerxente, teñen feito o resto, pois grazas ás ferramentas da web de Ma Yun, é posible pechar tratos multimillonarios con provedores chineses ou doutras partes do mundo, sen saír do país e a custos relativamente económicos (mesmo boa parte dos servizos son de balde). Tras rexistrarse como empresa na web, é posible realizar buscas ou inserir peticións de ofertas dos produtos que se desexe e, mediante o pago, facer uso de ferramentas avanzadas e semellantes ás presentes noutros *marketplaces*. Así, existen membros “ouro”, ou

“certificados para exportación” que comprenden practicamente tódolos sectores.

Mais Jack Ma non quería quedarse no de ser un mero medio para localizar bos tratos, senón posibilitar que a súa empresa estivese presente na maior parte da cadea de valor do comercio que fose posible. Así pois, aproveitou para fundar tamén AliPay.com, un sistema *on line* de pagos dispoñible, tanto para negocios coma para particulares, con acordos cos principais bancos chineses (China Merchants Bank, China Construction Bank, Agricultural Bank of China...) e que resulta particularmente útil nun país onde as tarxetas de crédito e débito teñen unha penetración bastante baixa. Porén, a empresa, cuxo nome escolleu por se-lo de Alibaba e os 40 ladróns un relato “practicamente universal” non se quedou aí, e lanzouse a por Yahoo! China nunha operación de varios miles de millóns de dólares que lle reportan unhas moi interesantes sinerxías. Así, a empresa conta coa licenza exclusiva para explota-la marca: produtos e tecnoloxía de Yahoo! en China, que é unha división da mesma Alibaba.

TaoBao fronte a Ebay, AliPay fronte a PayPal... a “nova economía” chinesa, liderada por Ma Yun, e localizada no delta do Yangtze fronte ó archicoñecido Silicon Valley, comeza a ser máis coñecida, malia da lóxica reticencia que aínda esperta en determinados eidos, polo feito de operar nunha ditadura que mantén aínda un férreo control da Rede. En calquera caso, semella claro que o comercio electrónico réndese tamén á poxa chinesa, e seguramente Ma Yun é un dos seus mellores representantes.

## Internet: terra de oportunidades

Cando Ma Yun -Jack Ma- chegou a mediados de 2005 a Estados Unidos a explica-lo seu proxecto con Yahoo! China, non dubidou en salientar que era Alibaba quen mercaba Yahoo! China, e non ó revés. Coa súa alianza estratéxica, ademais, poden ofrece-los servizos habituais -busca, mensaxeiría instantánea, email...- e beneficiarse das sinerxías de cadansúa compañía. Anos antes tiveran a oportunidade de coñecer a Jerry Yang, creador de Yahoo! dende Silicon Valley, empresa coa que asinou un dos acordos máis sobranceiros do mercado asiático, ó contrario que moitos fundadores de grandes *puntocom*, Jack Ma non é informático, senón mestre de inglés e tradutor. Ou esa era a súa ocupación cando se mergullou na Internet e, tras crea-la web da súa empresa de tradución, comezou a facelas para outras empresas e, posteriormente puxo en 1999, xunto a varios amigos, uns 50.000 euros para crea-lo que logo sería Alibaba.

Segundo se recolle en Gurusonline, “Internet era case un lugar máxico onde as empresas pequenas e medianas poden atopar oportunidades”. Logo comezaría a busca de investidores que achegaron novo capital a un proxecto que fixo medrar até acadar facer sombra a múltiples multinacionais asentadas no resto do mundo, o que lle valeu para que Alibaba fose nomeado por Forbes cinco veces como “Best of Web”.



# nova economía

Máis información en  
[www.elvilmetal.com](http://www.elvilmetal.com)

**Nintendo DS  
domina o mercado  
español**

Nintendo anunciou a finais de xaneiro que a súa consola Nintendo DS está a domina-lo mercado español de consolas portátiles, en forte competencia coa PSP de Sony. A finais de xaneiro Nintendo DS tiña o 58% do mercado, grazas ás fortes vendas que experimentou na tempada do Nadal, que chegaron a producir unha situación de falta de inventario. Os responsabeis deste éxito son xogos como: *Nintendogs*, esgotado en España, e *Mario Kart DS*.

**O novo Tomb  
Raider xa ten data  
definitiva**

Procin, distribuidora de Eidos en España, anunciou que o novo xogo de Tomb Raider, titulado *Tomb Raider: Legend*, chegará ás tendas o 17 de abril, despois da tardanza provocada pola compra de Eidos por parte de SCI a mediados do ano pasado. As primeiras versións que saíran serán as de PlayStation 2, Xbox e PC, mentres que as de Xbox 360 e PSP farano nos vindeiros meses.

**Microsoft,  
decepcionada con  
Xbox 360 en Xapón**

Os dirixentes de Microsoft Xapón recoñeceron a finais de xaneiro que estaban amolados co rendemento da nova consola Xbox 360 no mercado nipón, do que esperaban unha maior resposta. A consola non vendeu máis ca un tercio da súa distribución inicial na semana do lanzamento, e polo momento aínda non superou as vendas da primeira Xbox. Microsoft promete que cambiará a situación, promovendo máis xogos especificamente deseñados para o mercado xaponés.

**O novo Splinter  
Cell retrásase até  
setembro**

*Splinter Cell: Double Agent*, a nova edición do xogo de acción e espionaxe de Ubisoft, non sairá finalmente en marzo, coma se agardaba, senón en setembro deste ano, sufrindo un retraso de máis de seis meses. Ubisoft non explicou a que se debe a remisión deste novo xogo de infiltración, no que Sam Fisher, o protagonista, terá que xogalo papel de "malo" nunhas misións para gañarse a confianza dunha organización terrorista. Sairá para tódalas plataformas, incluíndo PC e Xbox 360.



# Dead or Alive 4

**PABLO GRANDÍO  
DIRECCION@VANDAL.NET**

Xbox 360 recibe, cun aquel de demora, o seu primeiro xogo de loita, unha nova entrega da súa ben coñecida saga *Dead or Alive*, que dende a súa terceira edición é exclusiva de Microsoft. De novo o Team Ninja de Tecmo fixo un grande traballo gráfico, amosando uns personaxes mellor animados cá nunca, que conservan o seu estilo "manga", sen aproveita-las capacidades da nova consola de Microsoft para amosar gráficos realistas. Onde si podemos adverti-la capacidade gráfica da consola é nos escenarios,

que esta vez teñen aínda máis nivel de detalle que na anterior edición e, coma sempre, son completamente interactivos, influíndo nos combates. Terán varias partes, podendo trocar entre elas tras un golpe que faga caer ó noso opoñente. Ó conxunto de loitadores de anteriores edicións engádense algúns novos, a maioría deles femininos, unha das características mais salientables da saga de loita, cuxas loitadoras teñen sona mundial e mesmo están a inspirar un filme. Ademais disto, o xogo contén, por primeira vez, un xogo online por Xbox Live (se pasamos por alto *DOA Ultimate*, un *remake*

dos dous primeiros xogos), con moitas opcións para facer torneos, ou mesmo para asistir de espectador a algúns combates. *Dead or Alive 4* tamén perfecciona o sistema de xogo, facéndose máis técnico, e evitando así as críticas de edicións anteriores, que destacaban a excesiva facilidade do xogo, pois en ocasións un xogador pouco experimentado podía gañar a un experto premendo os botóns a toda velocidade. Cun apartado gráfico abraiante e un sistema de loita mellorado, constitúense, por moito tempo, na opción preferente nos xogos de loita de Xbox 360.



# O Señor dos Aneis: A Batalla pola Terra Media 2

**PABLO GRANDÍO  
DIRECCION@VANDAL.NET**

As películas do Señor dos Aneis foron un éxito aínda meirande

do que se agardaba, e Electronic Arts, posuidora da licenza, comezou a lanzar xogos baseados nela —aínda que cun ano de retraso— que acadaron un grande éxito. Tralos xogos de acción para consola, e unha vez estreada a derradeira película, a compañía non deixou de facer xogos baseados no universo Tolkien, e inda obtivo os dereitos do libro, que estaban en posesión de Vivendi, que fixera algúns xogos baseados nel que fracasaron nas tendas fronte os de EA, de maior calidade. Tralo resultado feliz da primeira parte, lanzada a finais de 2004, chegará no mes de marzo *A Batalla pola Terra Media 2*, de novo un xogo de estratexia en tempo real no que teremos que conquista-lo mundo ideado por Tolkien, podendo ser: tanto do bando dos bos (elfos, ananos, seres humanos), coma dos malos

(orcos, etc...). Esta segunda parte incrementa o número de faccións, de catro a seis. Os trazos de Rohan e Gondor únense nun bando "humano", e aparecen dúas novas faces dos bós: os ananos e os elfos, xa non como actores secundarios senón como completos exércitos. Pola banda dos malos, mantéñense os orcos de Mordor e os Urukhai de Isengard, e engádense un bando de monstros que inclúe: tanto a goblins como a arañas, amais de novos seres: como os xigantes das montañas. Xunto con maior liberdade para construí-las nosas bases, o xogo encerra dous modos multixogador diferentes. Un proporanos rápidas batallas en tempo real, mentres que o outro, unha especie de xogo de Risk ambientado na Terra Media, onde moveremos os nosos exércitos para tratar de controla-la totalidade do territorio.







**XUVENTUDE GALIZA.NET**



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA DA  
IGUALDADE E DO BENESTAR  
Secretaría Xeral do Benestar  
Dirección Xeral de Xuventude e  
Solidariedade


**Palacio de Congresos e Exposicións  
Santiago de Compostela 7, 8, 9 de Abril**

Patrocina



**BLU:sens**

Colabora



# O MUNDIAL

EMPEZA EN CAIXA GALICIA



CO TEU TV  
**LEVA**  
ESTE BALÓN DO  
MUNDIAL

NOVO TV LCD 32" PHILIPS

E ADEMAIS,  
PODERÁS IR  
**GRATIS\***  
AO MUNDIAL  
DE ALEMAÑA

**SÓ**  
**25€**  
**AO MES\*\***

Infórmate nas nosas oficinas, en [caixagalicia.es](http://caixagalicia.es) ou no 902 310 310



Promoción válida do 1/02 ao 31/03/2006

(\*) Celebrarase un sorteo de 10 viaxes a Alemaña para ver o partido de España-Ucraina, entre todos os préstamos concedidos entre o 1 de febreiro e o 31 de marzo de 2006. Bases depositadas ante Notario. Consúltas en [caixagalicia.es](http://caixagalicia.es) ou en calquera das nosas oficinas.

(\*\*) TAE: 8,368% calculada para un préstamo de 1.529€ en 77 cotas mensuais. Tipo de xuro nominal anual 7,396%. Comisión de apertura 30€.



GALICIA NAVEGA  
VUELTA AL MUNDO A VELA 2005-2006



Oferta de financiamento de:

CAIXA GALICIA